

Departamento de Latín

Programación

Curso 2018-2019

I.E.S. Xelmírez II Santiago de Compostela

ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

0.1. PROFESORADO DO DEPARTAMENTO.	4
0.2. MATERIAS IMPARTIDAS POLO DEPARTAMENTO NO CURSO 2018-2019	4
0.3. INTRODUCCIÓN XERAL	4
0.3.1. MARCO NORMATIVO	4
0.4. CENTRO	4
05. ACTIVIDADES FORA DA AULA: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	5
0.6. PLAN LECTOR	5
0.7. OBXECTIVOS XERAIS	5
0.8. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	6
0.9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ALUMNOS CON DISMINUCIÓN SENSORIAL OU OUTROS PROBLEMAS	7
0.10. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN	8
0.11. ANÁLISE DO SISTEMA, INCORPORACIÓN DE MODIFICACIÓNS E REVISIÓN	8
0.12. PROXECTO INTEGRADO DE LINGUAS	8
LATÍN	8
1. LATÍN 4º E.S.O.	8
1.1. INTRODUCCIÓN. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. MATERIAIS	8
1.1.1. ELEMENTOS TRANSVERSAIS	8
1.1.2. OBXECTIVOS DO CURSO E OBXECTIVOS DE ETAPA	8
1.2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	9
1.3. ORGANIZACIÓN TEMÁTICA	9
1.3.1. "ESTÁNDARES" DE APRENDIZAXE AVALIABLES	9
1.3.2. SISTEMATIZACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE NA ÁREA DE LINGUA	10
1.4. PROBAS E INICIATIVAS (CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO)	14
1.5. CONSOLIDACIÓN DE DESTREZAS	14
1.6. PERICVLA	14
1.6.1. TEMPORALIZACIÓN. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.	14
1.6.2. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	14
1.7. PERICVLVM EXTREMVM	14
1.8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES	15
1.9. FICHA DE SEGUIMIENTO	15
2. LATÍN I	15
2.1. INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS. ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS NO PASADO CURSO E PROXECCIÓN NO CURSO PRESENTE	15
2.2. TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.	16
2.3. TEMPORALIZACIÓN	19
2.3.1. PERIODIZACIÓN BÁSICA DOS OBXECTIVOS	19
2.3.2. PERIODIZACIÓN BÁSICA DOS CONTIDOS E "ESTÁNDARES"	19
2.4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA ASIGNATURA. CRITERIOS XERAIS. INSTRUMENTOS. DIVERSIFICACIÓN	20
2.5. CRITERIOS E MÍNIMOS	20
2.6. CONTIDOS PRÁCTICOS E TEÓRICOS	20
2.7. TRABALLO	20
2.7.1. REALIZACIÓN	20
2.7.2. TEMAS (SUXERIDOS)	20
2.7.3. BIBLIOGRAFÍA	21
2.7.4. CITAS	21
2.8.5. PERIODIZACIÓN E CRONOLOXÍA DO TRABALLO	21
2.8. PROGRAMA DE LINGÜÍSTICA LATINA: GUÍA DE CONTIDOS	21
3. LATÍN II	22
3.1. INTRODUCCIÓN. MODIFICACIÓNS. OBXECTIVOS. "ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO"	23
3.2. SISTEMA DOCENTE, AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA ASIGNATURA. INSTRUMENTOS. MÍNIMOS	23

3.2.1. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. COMPETENCIAS	23
3.2.2. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. DESEÑO DA PROBA PARA ALUMNOS QUE NON CURSARON LATÍN I	23
3.2.3. PERIODIZACIÓN BÁSICA DOS OBXECTIVOS	23
3.3. ALUMNOS CON LATÍN I PENDENTE	24
3.4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	24
3.4.1. PARTE PRÁCTICA	24
3.4.2. PARTE TEÓRICA	24
3.5. PERIODIZACIÓN MENSUAL (APROXIMADA)	25
3.6. TEMPORALIZACIÓN CONTRASTADA DE CONTIDOS E OBXECTIVOS	26
3.7. ACTIVIDADES FORA DA AULA: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	27
3.8. TRABALLO	27
3.8.1. FACTURA	27
3.8.2. CONTIDOS	27
4.0 RESUMO DAS COMPETENCIAS DE LATÍN Ó LONGO DOS 3 CURSOS	27
GREGO	28
5. GREGO I	28
5.0. INTRODUCCIÓN METODOLÓXICA E CLAVES	28
5.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE GREGO	28
5.1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.	28
5.1.2. INSTRUMENTOS E PORCENTAXE DE VALOR	29
5.1.3. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN	29
5.1.4. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA SETEMBRO	29
5.2. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DA MATERIA GREGO I PARA O CURSO	29
5.3. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE GREGO I	30
6. GREGO II	33
6.0. INTRODUCCIÓN METODOLÓXICA E CLAVES	33
6.1. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DA MATERIA DE GREGO II	33
6.2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE PARA GREGO II	34
CULTURA CLÁSICA	35
7. CULTURA CLÁSICA 3º DE E.S.O.	35
7.1. CLAVES METODOLÓXICAS	35
7.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.	37
7.3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DA MATERIA DE CULTURA CLÁSICA PARA O CURSO	37
7.4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE CULTURA CLÁSICA	41

0.1. PROFESORADO DO DEPARTAMENTO.

profesor Jorge González Rodríguez, catedrático de Latín

0.2. MATERIAS IMPARTIDAS POLO DEPARTAMENTO NO CURSO 2018-2019

E.S.O. Latín 4º
Bacharelato Latín I 1º
Latín II 2º
Grego I 1º
Grego II 2º

A materia de Cultura clásica de 3º de E.S.O. é impartida durante este curso polo departamento de Francés

0.3. INTRODUCCIÓN XERAL

O curriculum e sistema xeral da LOMCE caracterízase, como xa dixemos o pasado curso, pola pedantería ("perfis competenciais" para designar os *instrumenta*, ou eso creo: a redacción da lei é tan confusa, farragosa e oca que resulta perfectamente posible que designe calquera outra realidade) e o burocratismo (realmente é posible establecer, mesmo coma intención, a temporalización de **todos** os contidos e métodos implementados para a súa adquisición -en linguaxe oficial, "estándares de aprendizaxe"?). Coa xubilación da profesora titular da cátedra de Grego, o IES Xelmírez II ve desaparecer -amortizado pola administración que afirma estar moi preocupada polo ensino das linguas- un departamento que tanto fixo por elas (non está de máis recordar que durante varios anos impartiu un programa de Grego moderno, causante de que varios antigos alumnos teñan hoxe en día no seu *curriculum* alo menos o A2 da lingua)

Xa que logo, a elaboración dun proxecto docente, aristotélico por esencia, dun sistema platónico, só se pode atribuír á vontade de que os departamentos didácticos fagamos o traballo que as instancias de poder non queren, saben ou poden facer (exclúo outras posibles explicacións que implicarían a posta en dúbida de realidades que prefiro non pensar). Así que esta programación intentará pasar á realidade docente diaria o novo curriculum coa experiencia dos 35 anos de traballo do asinante.

0.3.1. Marco normativo.

Para a elaboración desta memoria tívose en conta a lexislación vixente, en particular a directamente relacionada coa mesma:

- Orde do 13 de xuño de 2014 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2014/2015 nos centros docentes sostidos con fondos públicos.
- Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.
- Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e corrección de erros da mesma.
- Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

0.4. CENTRO

O I.E.S. Arcebispo Xelmírez II é un centro situado na zona norte de Santiago, en concreto, en Salgueiriños. Os barrios de Vite e Vista Alegre son as súas principais áreas de influencia xunto a Xoán XXIII, Salgueiriños, As Cancelas e Cruceiro da Coruña. Recibe tamén alumnado de Meixonfrío e As Fontiñas, que comparte con outros centros, así como a zona rural do norte de Santiago. No 1º curso de Bacharelato, o alumnado procede non só do propio centro, senón tamén do IES de Oroso, do CPI Viaño Pequeno de Trazo, doutros centros públicos, concertados e privados de Santiago e, finalmente, un pequeno número de alumnado é de procedencia diversa. No resto dos cursos, a incorporación de alumnado procedente doutros centros é minoritaria.

Perfil do alumnado

O perfil do alumnado escolarizado no IES Arcebispo Xelmírez II foi obxecto de variacións nos últimos anos, fundamentalmente no que se refire ao estatus sociocultural das familias de procedencia e ao nivel de estudos dos pais, que repercute cualitativamente nas expectativas das familias cara a educación dos seus fillos. A maior parte do alumnado sitúase nas clases medias e ten aumentado considerablemente o número dos proxenitores que posúen formación universitaria e que, consecuentemente, establece tamén como finalidade esta meta para os seus fillos.

O IES Arcebispo Xelmírez II recibe, asemade, alumnado de recursos limitados, procedentes, por norma xeral, de barrios periféricos onde hai un alto grao de desemprego e onde se concentran familias de minorías étnicas —con predominio da etnia xitana— así como inmigrantes, tamén de recursos limitados.

Cabe destacar que nos últimos anos o alumnado asignado pola comisión de escolarización supera o 10% do total. No que a este alumnado se refire o perfil é moi variable e cambia cada curso académico, feito que dificulta o deseño previo dos proxectos educativos así como calquera outra actuación debido, en boa medida, ás necesidades educativas específicas que comportan.

05. ACTIVIDADES FORA DA AULA: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Como os últimos anos, cóntase con facer un programa de valoración do libro coma obxecto físico en Latín de 4º de E.S.O. e Latín II de bacharelato, sen excluír outros cursos, mesmo dos non impartidos polo profesorado do departamento; agora mesmo estase a negociar con persoal da Biblioteca xeral da Universidade de Santiago e outros organismos relacionados co libro.

Dependendo sempre da posible aparición dunha actividade nova, serán fundamentalmente de carácter libresco no Bacharelato (biblioteca universitaria, arquivo do cabildo catedralicio, bibliotecas universitarias...); de ser posible, continuaranse

realizando as visitas os centros universitarios relacionados coa materia (facultades de Filoloxía e de Xeografía e historia, etc).
Especificacións en cada curso

0.6. PLAN LECTOR

Todos os anos lense na aula obras literarias completas ou *excerpta* das mesmas, e todos os alumnos están obrigados traballar con material bibliográfico convencional ou electrónico, a pretensión é actuar sobre dous puntos fundamentais: un, imbuir nos estudantes a idea de que a lectura compre por puro placer, e que facelo repecute positivamente nas súas cualificacións individuais; outro, que ler ben comporta unha ximnasia mental de primeiro grado, activa mesmo fora do ámbito escolar.

4º ESO	1º trimestre	Milesias e <i>folk-tale</i> do <i>Satiricon</i>
	2º trimestre	<i>Curculio</i> de Plauto
	3º trimestre	Inscripcións do CIL
1º Bach	1º trimestre	textos de mostra de todas as variantes de latín antoloxía de autores clásicos
	2º trimestre	traballo cos textos
	3º trimestre	textos de historiografía e socioloxía
2º Bach	1º trimestre	<i>In Catillinam I</i> de Cicerón traballo na biblioteca do centro e en outras
	2º trimestre	<i>Carmina</i> selectos de Catulo visita explicada ás bibliotecas de Santiago
	3º trimestre	<i>Aeneidos VI</i> de Virxilio traballo obrigatorio de xenoloxía literaria latina

0.7. OBXECTIVOS XERAIS

-da educación secundaria obrigatoria:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

-do bacharelato

- Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das

- persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

0.8. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

COMPETENCIAS CLAVE	INDICADORES	
1. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	Coidado do medio e dos seres vivos a través do coñecemento científico e tecnolóxico que a civilización greco-latina nos deixou como herdanza.	<ul style="list-style-type: none"> - Interactuar co medio natural de xeito respectuoso. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno. - Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no medio natural e as repercusións para a vida futura.
	A vida saudable deriva, en boa medida, do criterio artístico e estético imperante na cultura greco-latina.	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.
	O desenvolvemento da ciencia no día a día debe basearse nos coñecementos do legado clásico.	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos medios (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...). - Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece a noso arredor e responder preguntas.
	Manexo de elementos matemáticos tendo en conta as aportacións do mundo clásico aos mesmos.	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
	O razoamento lóxico e resolución de problemas vai da man da democracia e, por tanto, do coñecemento do seu nacemento en Grecia.	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
2 Comunicación lingüística	A comprensión oral e escrita resulta positivamente estimulada co estudo das civilizacións grega e romana.	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura.
	A expresión oral e escrita resulta positivamente estimulada co estudo das civilizacións grega e romana	<ul style="list-style-type: none"> - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
	As normas de comunicación nacen do coñecemento dos procesos comunicativos do ser humano e, por tanto, o que á civilización occidental se refire, deben remitirse a Grecia e Roma.	<ul style="list-style-type: none"> - Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
	A comunicación noutras linguas é favorecida pola aproximación ao coñecemento das linguas clásicas, das que herdamos as nosas.	<ul style="list-style-type: none"> - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. - Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

3. Competencia dixital	Tecnoloxías da información derivadas das primeiras formas de comunicación ideadas por gregos e romanos.	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e publicar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	A Comunicación audiovisual latente na ideosincrasia da expresión artística grega e romana.	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais.	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
4. Conciencia e expresións culturais	O respecto polas manifestacións culturais propias e alleas deriva do multiculturalismo das civilizacións grega e romana.	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	A expresión cultural e artística resulta favorablemente estimulada grazas ao desmesurado aporte artístico do mundo greco-latino.	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
5. Competencias sociais e cívicas	A educación cívica e constitucional acrecéntase co coñecemento das bases democráticas en Grecia.	<ul style="list-style-type: none"> -Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	A relación cos demais resulta potenciada polo coñecemento do talante cívico consubstancial en Grecia e Roma.	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	O compromiso social deriva do coñecemento da democracia e dos valores que lle son afíns e que xa naceron en Grecia.	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	A autonomía persoal é a consecuencia da profundización dos valores humanos e sociais de Grecia e Roma.	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. -Ser constante no traballo, superando as dificultades. -Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado derivado do coñecemento da ideosincrasia latina e grega.	<ul style="list-style-type: none"> -Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. -Dar prioridade á consecución de obxectivos de grupo sobre os intereses persoais.
	A creatividade é unha cualidade consubstancial ao desenvolvemento artístico en Grecia e Roma.	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema. -Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. -Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
7. Aprender a aprender	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos. - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
	O perfil de aprendiz deriva do cuestionamento, elemento afín á filosofía e á cultura greco-latina.	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe. Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

0.9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E ALUMNOS CON DISMINUCIÓN SENSORIAL OU OUTROS PROBLEMAS

De darse casos de alumnos con algunha discapacidade sensorial (perda total ou parcial de visión, hipoacusia) o profesor -

que xa ten experiencia docente e persoal en trato con estes casos- adaptará os escasos problemas que podan xurdir (suprasegmentais, prosodia; mapas, imaxineiría) cos métodos lóxicos que saiba empregar (Braille, tacto externo de cordas vocais) ou lle sinale o departamento de orientación. No caso de alumnos de con dificultades por problemas de revisións médicas non haberá máis necesidade que de seguimento individualizado ó final de cada período de ditas revisións, contando coa boa disposición dos estudantes implicados.

Os alumnos que presenten dificultades para afacerse cos mínimos da materia verán reforzada a súa disciplina con exercicios específicos centrados nos métodos (máis que nos contidos) que dificultan o proceso; especificase en cada curso. A especificación de cada curso, cfr. infra

0.10. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Durante o curso pódese dar que algún alumno vaia descolgándose da marcha xeral; isto fai que perda o interese pola materia e ademais diminúa o seu rendemento. Nestes casos para os que teñan problemas en asimilar determinados conceptos ou que non podan seguir o ritmo normal da clase, se ten pensado realizar:

- Unas follas personalizadas, onde aparezan actividades que reforcen os conceptos mal asimilados.
- Tratamento individualizado de cada caso, a fin de acadar os obxectivos xerais

0.11. ANÁLISE DO SISTEMA, INCORPORACIÓN DE MODIFICACIÓNS E REVISIÓN

Ó rematar o curso os alumnos comentarán ó profesor as características que entendan máis relevantes de cara a unha posible modificación noutros cursos; e, coma é lóxico, trátase a cuestión na comisión pedagóxica. Os derradeiros cursos cumpríu aumentar o prazo de entrega dos traballos, polo que este ano, coma o pasado, faranse revisións semanais do desenvolvemento de mesmo.

Como todos os anos, alumnos de pasados cursos se prestarán a explicar o seu punto de vista dende a distancia (o que aumenta considerablemente a obxectividade e implica máis -por cercanía de idade- ós estudantes). Como xa sinalei outros anos, creo que non estaría mal que as autoridades administrativas fixesen algo parecido, como se fixo en Italia na modificación da secundaria, cun seguimento quinquenal da vida académica dos alumnos.

0.12. PROXECTO INTEGRADO DE LINGUAS

Os departamentos de lingua galega, lingua española, francés, inglés e latín abordarán no mes de setembro ou outubro o **currículum integrado de linguas** coa finalidade de elaborar o **currículum integrado de linguas e contidos** que se contempla na lei.

Latín

1. LATÍN 4º E.S.O.

1.1. INTRODUCCIÓN. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. MATERIAIS

Non compre abondar na necesidade do latín coma vehículo lingüístico -máis entre falantes de linguas latinas- nin na importancia da historia, a ciencia e as institucións de Roma (que nos herdamos apenas modificadas); pero con frecuencia tendemos a esquecer ou dar por sabidos elementos de orde **cultural** -que non é o mesmo que de **civilización**- ou da vida cotiá; por iso este curso pretende buscar o fio conductor entre unha realidade do pasado e elementos actuais que adoitamos ignorar; se o curso serve ao menos para dar visibilidade a realidades de hoxe, ó descubrir que pisamos nas pegadas que pes romanos fixeran, exactamente igual que antes os gregos, fenicios ou exipcios, e antes aínda os homes de primeiro neolítico (que o inventaron todo menos a electricidade), poderemos darnos por satisfeitos. Obviamente, todo o material que se use ou recomende será indicado, clasificado e criticado polo profesor co tempo de abondo para podelo usar axeitadamente.

1.1.1. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O proxecto é traballar os temas transversais a través das competencias: A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía serán traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, en tanto que manifestacións da actividade humana. A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servirmos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa. As competencias sociais e cívicas se traballarán nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, fomentando un xuízo crítico da realidade. A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia: patrimonio é a palabra clave. A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo

1.1.2. OBXECTIVOS DO CURSO E OBXECTIVOS DE ETAPA

Obviamente, a **comunicación lingüística** é a clave na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias. α

A **tradución** non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave

de aprender a aprender. β A **competencia matemática** e as **competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** serán traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana. γ A **competencia dixital** deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesor, deberá servir para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa. δ As **competencias sociais e cívicas** poden ser traballadas nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade. ε A **competencia en conciencia e expresión cultural** está presente, ademais de no estudo da literatura latina, no referido ás artes plásticas, o urbanismo e a romanización. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico. ζ A **competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor** estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo η.

Para obxectivos de etapa contextualizados, cfr. 2.3.2 e 5.0

1.2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dado que hai no grupo unha alumna holandesa que só fala linguas xermánicas, é vontade do departamento acordar co(a) tutor(a) o sistema de adaptación curricular, para o que a asignatura de Latín presenta a inmejorable característica de facilitar a inmersión lingüística na Romanía; en principio, e a expensas de maior concreción, pénsase en retroversión de textos latinos a galego e español e viceversa, con continuidade do traballo específico que faga o profesorado desas linguas e coa axuda do de inglés.

1.3. ORGANIZACIÓN TEMÁTICA

1.3.1. "ESTÁNDARES" DE APRENDIZAXE AVALIABLES

A periodización de Roma

(γζ) Uso de mapas de Roma e do latín CMCCT CCEC CAA CD CSC

2. 1. Latín, latinos, romanos, Roma: nomes, conceptos, uso, historia; qué pintan os gregos, os etruscos, os celtas e os "bárbaros" na historia de Roma e na nosa. *Roma, César, persoa é ...etrusco*

2. 2. Roma, Lacio, Italia, Imperio romano, *limes*, Romanía: realidades e recoñecemento

2. 3. Etapas da historia e etapas historiográficas: valor, Roma e nos; de qué falamos cando falamos de prehistoria e de documentación; epigrafía, forma *rotulus* e forma *codex*, sobre qué escribían e en qué lingua escribían os romanos, sobre qué escribía e escribe quen escribe en latín; literatura e canon. Qué e cómo estudiaban os nenos romanos; e as nenas?

A lingua: a definición

(αβζ) Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente. CD CAA CMCCT

(αβζ) Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa. CSC CAA CD

2. 4. Por qué decimos que falamos latín, por qué nos examinamos de latín escrito: as variantes dunha lingua e as variantes do latín; clasificacións lingüísticas, conceptos de xenética e tipoloxía lingüísticas: Jones, o único bo que saíu do imperialismo británico... e cómo se pode pervertir a ciencia nos totalitarismos. Indoeuropeu, linguas neolatinas. Cómo o latín pasou de ser a interlingua científica e cultural a decaer esclerotizada, e cómo o século das luces o revitalizou: Carl von Linné. As peculiares historias de Hewlett, a IBM, a Universidade de Nijmegen e sir Arthur Evans

A lingua: a estrutura

(αβζ) Léxico latino actual

Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. CCL CAA

(αβ) Evolución do latín

Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos. CCL CAA

Sistema da lingua latina: elementos básicos

(αε) Orixes da escritura. Sistemas de escritura.

Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto. CD CCEC

(αε) Alfabeto e pronuncia do latín

Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa. CAA CD.

(α) Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín. CCL

Morfoloxía

(α) Formantes das palabras.

Identificar e distinguir os formantes das palabras. CMCCT CCL

(α) Tipos de palabras: variables e invariables.

Distinguir e clasificar tipos de palabras. CAA CCL

(αβ) Concepto de declinación e conxugación.

Comprender o concepto de declinación e conxugación. CAA CCL

(αε) Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.

Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente. CD CCL CAA

(αε) Flexión verbal.

Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.

CAA CCL

(αε) Flexión verbal.

Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva,

así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto. CAA CD CCL

Sintaxe

(αβ) Elementos da oración.CMCCT

Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.

(α) Casos latinos.

Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente. CAA CCL

(αε) Concordancia.

Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán. CCL

(αε) Oración simple: oracións atributivas e predicativas

Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple. CMCCT CCA CCL

(αε) Oración composta: oracións coordinadas.

Distinguir as oracións simples das compostas. CMCCT CCA CCL

(αβε) Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.

Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes. CCL

2. 5. Gramática <γράμματa, lingüística < lingua: qué designan, cómo as aprendemos; linguas illantes, aglutinantes e flexivas: concepto de flexión, nominal [declinación] e verbal [conxugación]; o sistema latino clásico, o sistema latino falado, o sistema latino gramatical e a evolución que chega a nos.

2. 6. Plauto, responsable último de *Some like it hot*; Propertio, o de Tristan und Isolde; Catulo, o primeiro que dixo que o amor é lume; Virxilio: así que nunca oíran falar del, todos o coñecen; Cicerón, a quen todos chamaban Tulio menos nos; César, o inicio de todas as manipulacións políticas; e todos os demais

A periodización romana do mundo

2. 7. Grecia non existía até Alexandre, Alexandre non era grego, as cousas gregas son de Asia, o helenismo é Roma: cronoloxía e conceptos; o tempo en Roma (tamén o metereolóxico): computalo, pasalo, usalo. O día en Roma, o mes en Lugdunum -xiii lúas, xii menses, x nomina: imos de *nundinae*-, o ano en *Libya*; ricos, pobres, lei, sociedade, o de fora e o de dentro. Cómo acabar coa pegada das romanas cargándose toda a súa transmisión: o inapreciable traballo dos cristianos.

(αβε) Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos. CSC CSIEE CD CAA CCEC CMCCT CCL

(γεζ) Organización política e social de Roma

Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma. CSIEE CSC CCL CCEC

(m) Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.

Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos. CD CCEC CSC CCL CSIEE CCL CAA

(γδεζη) Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro

Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual. CSC CSIEE CCL CMCCT CCEC

A relación co preternatural

(εζ) Mitoloxía e relixión.

Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina. CCEC CCL CD

(εζη) Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais. CAA CCEC CD

2. 8. Os deuses farán caso se non es cutre mercando a ovella. *Salsa mola*. San Andrés de Teixido e Hécate. *Laua colea* para presentarte ante o deus da última fronteira. O Coxo, o Cego e máis o Manco non foron deuses en Roma. Por qué as hostias non son filetes se estamos adorando a Mitra?

2. 9. O zar, o Kaiser e o sha son césares, e cando os matan, jaque mate: pegadas de César, a *res publica* republicana e monárquica, a monarquía é μοναρχία: Roma chea de nubios, de árabes e de sirios que nunca tiveran problemas para entrar; o que pasa cando deixamos de ir no sentido das agullas do reloxo en torno ó *Mare Nostrum*

(αβγδεζη) Períodos da historia de Roma CSC CSIEE CD CAA CCEC CCL

(αε) Organización política e social de Roma

Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma. CSIEE CSC CCL CCEC

Dentro de Roma

(m) Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.

Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos. CD CCEC CSC CCL CSIEE CCL CAA

(αεζ) Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro

Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual. CSC CSIEE CCL CMCCT CCEC

2. 10. Enxeñería: por qué as *uiae* romanas se seguen a utilizar; dándolle forma ás ideas gregas. *Rus* e *ager, campus* e *fundus*: un pobo de agricultores e agrimensores. O estudo da linguas; a nosa terminoloxía científica dende Lorenzo Valla, o alumno insolente

2. 11. Saberá Pepe que cando se lía a patadas está reproducindo atávicamente o que facían os *tirones* o último día de adestramento? E David Muñoz é consciente de que serve as *mensae* que lle puxeran a Trimalción? E o desgraciado que destroza as cortices dunha árbore con flechas e corazóns, terá idea de quen era Didó?

1.3.2. SISTEMATIZACIÓN DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE NA ÁREA DE LINGUA

A maiores da especificación que segue, no punto 4.0 dase o resumo non temático senón metodolóxico das competencias xerais ó longo dos 3 cursos de latín (cfr.)

Textos

-Análise morfolóxica e sintáctica.: Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados. CCL CAA

-Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.

-Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.: Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias. CCL CAA Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.

-Iniciación ás técnicas de tradución.: Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan. CCL CAA

-Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.: Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. CCEC CCL

-Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. CMCCT CD CCL

-Produción de pequenos textos propios en lingua latina. CCL. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.: Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.

Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.: Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.

Léxico

-Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.: Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.

-Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. CAA CCL

-Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia. CD CAA

-Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.: Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta. CMCCT CCL Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.

-Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado. CCL: Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. Locucións latinas de uso actual contextualizadas:

Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado. CD CSC CCEC

Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.

"estándar"	TEMPO	MÍNIMOS	AVALIACIÓN	COMPETENCIAS a CL está incluída en todos os ítems
B1.1.1. <i>Ámbito, imperium, limes</i>	septembro e marzo	<i>limes</i> en mapa mudo	B1.1 localización da Romania	matemática, científica e tecnolóxica / cultural / social e cidadá
B1.2.1. indoeuropeo	octubre	explicación escrita de conceptos básicos	B1.2. Concepto de indoeuropeo e de lingüística comparada	competencia dixital / aprender a aprender
B1.3.1. clasificación lingüística	octubre	encher un <i>Stammbaum</i> evolutivo	B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	social e cidadá / competencia cultural
B1.4.1. linguas de España e romances	octubre	clasificar na clase e por escrito as variantes fundamentais	B1.4. Xeografía lingüística da Península	social e cidadá / competencia cultural
B1.5.1. etapas do latín	octubre e novembro		B1.5. Distinguir as etapas do latín	aprender a aprender / matemática, científica e tecnolóxica
B1.5.2. Evolución e latinismos	octubre e novembro	non será de avaliación específica		
B1.5.3. latín no século XXI	maio	non será de avaliación específica		matemática, científica e tecnolóxica / dixital / cultural
B1.6.1. evolución aplicada	octubre e novembro	non será de avaliación específica	B1.6. evolución do latín ás linguas románicas	aprender a aprender
B2.1.1. escritura	septembro	alfabetos latino, grego e etrusco	B2.1. Distinguir sistemas de escritura	competencia dixital / competencia cultural
B2.2.1. alfabeto, e B2.3.1. evolución	septembro	alfabeto calcídico; numeración romana	B2.2. evolución do alfabeto	aprender a aprender / matemática, científica e tecnolóxica
1B2.4.1. pronuncia	septembro	corrección absoluta	B2.4. Lectura	

B3.1.1. formantes	novembro	lexemas, temas, desinencias e terminacións	B3.1. identificación dos formantes	matemática, científica e tecnolóxica
B3.2.1. Clases de palabras	novembro	non será de avaliación específica	B3.2. Distinguir o enunciado.	aprender a aprender
B3.3.1. Flexión:	novembro	nominal, pronominal e verbal	B3.3. Identificar formas flexionadas	aprender a aprender / competencia dixital
B3.4.1. declinación	novembro	formas clásicas	B3.4. declinar	
B3.4.2. concordancia sintagmática	novembro	entre modificadores		
B3.5.1. conxugación	novembro	os 7 tempos máis usados segundo a estatística de Nijmegen	B3.5. conxugar	aprender a aprender
B3.5.2. paradigmas	1º trimestre	completos regulares		
B3.5.3. voz	decembro	en frases regulares	concepto	
B3.6.1. temas verbais	decembro	distinguir dende o enunciado	B3.6. <i>Infectum e perfectum</i>	aprender a aprender
B3.6.2. Díatese	decembro	en frases sencillas	activa, media e pasiva	competencia dixital
B3.7.1. Categorías	octubre	non será de avaliación específica	B3.7. Sintaxe interna do verbo	aprender a aprender
B3.8.1. Correspondencia entre verbo latino e románico	novembro	1 modelo por <i>infectum</i> e por <i>perfectum</i>	B3.8. Traducir verbos	aprender a aprender
B4.1.1. funcións básicas	septembro	suxeito, o.dir., determinante nom.	B4.1. Sintaxe sintagmática	matemática, científica e tecnolóxica
B4.2.1. casos	septembro e outubro	todos excepto locativo	B4.2. Gramática xenerativa e transformacional do caso	aprender a aprender
B4.3.1.concordancia	septembro	suxeito-verbo en todas as voces	B4.3. Regras de concordancia	
B4.4.1. tipos de oración	xaneiro	simple e subordinación conxuntiva	B4.4. Identificación tipos de oración	matemática, científica e tecnolóxica
B4.5.1. Relación entre oracións	xaneiro e febreiro	modo atraído e interordinantes	B4.5. Distinción de oracións	aprender a aprender
B4.6.1. formas non persoais	decembro	infinitivos non perifrásticos	B4.6. formas non persoais	aprender a aprender
B4.7.1. construcións de infinitivo e participio	marzo até fin de curso	absoluta de ablativo	B4.7. Completivas de infinitivo e ablativo absoluto	
B5.1.1. Roma no mundo antigo	todo o curso	-753 e -44	B5.1. eixos cronolóxicos	competencia cultural / social e cidadá
B5.1.2. etapas da historia de Roma	novembro	segundo a historiografía actual		social e cidadá / iniciativa / competencia cultural
B5.1.3. Sincronía	novembro	non será de avaliación específica		aprender a aprender / social e cidadá
B5.1 cronoloxía	octubre	segundo a historiografía coetánea		competencia dixital / matemática, científica e tecnolóxica
B5.1.5. Feitos clave	octubre	non será de avaliación específica		social e cidadá / iniciativa
B5.2.1.romanización: fases.	octubre	en función do traballo individual	B5.2. eixos cronolóxicos.	matemática, científica e tecnolóxica / social e cidadá
B5.2.2 romanización: proceso	3º trimestre	non será de avaliación específica		social e cidadá / competencia dixital
B5.3.1. arqueoloxía	xuño	non será de avaliación específica	B5.3. Recoñecer elementos da romanización	aprender a aprender / matemática, científica e tecnolóxica / dixital /

				competencia cultural
B5.4.1. sistema político romano.	2º trimestre	non será de avaliación específica	B5.4. Comparación política e social	iniciativa / social e cidadá
B5.4.2. sociedade romana	todo o curso	non será de avaliación específica		iniciativa / competencia dixital / social e cidadá
B5.5.1. mitoloxía grecolatina	cos textos	non será de avaliación específica	B5.5. mitoloxía nas artes plásticas	competencia cultural / competencia dixital
B5.5.2. figuras míticas	xuño	non será de avaliación específica	recoñecer	competencia cultural competencia dixital
B5.6.1. Pervivencia do mito	xuño	non será de avaliación específica	B5.6. mitografía	competencia cultural / social e cidadá / iniciativa
B5.6.2. Socioloxía do mito	xuño	non será de avaliación específica	B5.7. Identificación de cultos e ritos	aprender a aprender / competencia cultural
B5.7.1. relixión oficial e privada	todo o curso	a partir do traballo individual		social e cidadá / matemática, científica e tecnolóxica / cultural
B5.8.1. arte romana	asociado ós traballos	conceptos básicos reflexados no traballo	B5.8. arte romana	competencia cultural / competencia dixital
B5.9.1. obras públicas	asociado ós traballos	conceptos básicos reflexados no traballo	B5.9. Mantemento do urbanismo romano	competencia dixital / social e cidadá
B5.9.2. patrimonio conservado	asociado ós traballos	conceptos básicos reflexados no traballo		matemática, científica e tecnolóxica / dixital / aprender a aprender
B5.10.1. o exército romano	abril	conceptos básicos reflexados no traballo	B5.10. funcionamento do exército romano	social e cidadá / matemática, científica e tecnolóxica
B6.1.1. análise lingüística de textos	todo o curso	6 / 10	B6.1. interpretación de textos de dificultade progresiva	aprender a aprender
B6.2.1. comprensión lingüística	todo o curso	7 / 10	B6.2. Sintaxe comparada	aprender a aprender
B6.3.1. lexicografía aplicada	todo o curso	non avaliable nas probas escritas, non máis de 2 erros nas de aula	B6.3. Utilización de dicionarios	aprender a aprender
B6.4.1. <i>Realia</i>	todo o curso	os elementos marcados en B5 e B1	B6.4. 1º fase da <i>lectio</i>	social e cidadá / competencia cultural / aprender a aprender
B6.4.2. preparación do texto	todo o curso	non máis de 10% de material sen preparar		matemática, científica e tecnolóxica
B6.5.1. Redacción en latín	todo o curso	non será de avaliación específica	B6.5. Composición básica en latín	
B6.6.1. Locución en latín	todo o curso	frases de presentación	B6.6. Comunicación oral en latín	
B7.1.1. contexto lingüístico B7.1.2. léxico de frecuencia.	todo o curso	prosa clásica con non máis de 3 oracións relacionadas	B7.1. Comprensión básica a primeira vista	aprender a aprender competencia dixital
B7.2.1. prefixos e sufixos	maio	non será de avaliación específica	B7.2. Identificación de prefixos e sufixos	matemática, científica e tecnolóxica
B7.3.1. étimos B7.4.1. etimoloxía	novembro e maio	non será de avaliación específica	B7.3. B7.4. Evolución de palabras	aprender a aprender
B7.4.2. familias etimolóxicas e semánticas	todo o curso	non será de avaliación específica		aprender a aprender competencia dixital
B7.5. locucións latinas	maio	non será de avaliación específica	B7.5. emprego de locucións	

1.4. PROBAS E INICIATIVAS (CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO)

2.4.1. Saberá saudar, despedirse, felicitar, defenderse e pedir perdón en latín

2.4.2. Identificará de qué fala o texto que lle propoñan e cómo, e dirá por qué o sabe; e traducirá a latín actual mantendo a *res* e os *uerba*

2.4.3. Demostrará na aula que fixo o que lle pedían como llo pedían, ou pelexará usando a *ars* para defender que a súa opción era mellor

2.4.4. Terá toda a *libertas* para desenvolver o que *tibi libeat* se todos os integrantes do curso estamos de acordo e entra dentro da institutio

2.4.5. Non se tomará decisión algunha en contra da vontade explícita e razoada da totalidade de alumnos do grupo nen coa prohibición explícita e razoada do profesor

1.5. CONSOLIDACIÓN DE DESTREZAS

As preguntas na clase, especialmente se se desenvolven propedéuticamente en explicación ós compañeiros, poden substituír as partes correspondentes ás probas escritas na parte de textos e léxico, inda que iso non libera de facer ditas probas.

1.6. PERICVLA

1.6.1. TEMPORALIZACIÓN. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

	bloque 1 textos	bloque 2 historia da lingua	bloque 3 <i>realia</i>	bloque 4 traballo de fin de curso
<i>cogēre</i>	en xuño, traducir un texto de dificultade baixa	en decembro, encadrar todas as variantes do latín no indoeuropeu e o indoeuropeu no sistema lingüístico	identificar alo menos a metade dos <i>realia</i> que aparezan nos textos que hemos ler na aula e nas fontes que se traballen	entregar no prazo fixado e nas condicións especificadas o traballo elexido
<i>in melius ibit</i>	nalgún momento do curso, traducir un texto de dificultade media	en decembro, distinguir os estratos responsables dos latíns modernos	facen unha disertación sobre un <i>reale</i> que se mencionara	
<i>ad libitum</i>	escribir un texto en latín clásico xustificando o método de composición, ou manter unha conversa en latín clásico	distinguir as variantes en textos	en maio darás unha clase sobre un dos temas que aparecen clasificados antes	

1.6.2. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

1º trimestre

Localización xeográfica en mapa dos lugares que se citen na clase: a metade

Clasifica en familias as linguas do grupo P1 de Nijmegen: todas

Identifica as formas escritas de todas as etapas do latín e linguas adxacentes: deixando de lado a clásica, alo menos a grafía renacentista

Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta: acentos e silabación sen erros repetidos

Segmenta os formantes de formas flexivas latinas: gradualmente, todos

Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e declinaos: 70%

Enuncia e conxuga formas verbais latinas, con identificación de cada tema, característica modo-temporal e desinencia: 60%

2º trimestre

Identifica o nivel lingüístico e a súa etapa en textos transparentes: 3 de 5

Establece a evolución latina aplicando as regras fonéticas de evolución. Non se avaliará

Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas. Gradualmente até o 60%

Redacta en lingua latina pequenas frases: a metade en nivel medio

Identifica os tipos de oracións: dependendo da tradución

Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente: oral, con material e preparación previa, 100%; repentizado, 50%

3º trimestre

Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización da sociedade romana e as clases sociais. *Vide sub*

2.4.1. bloque 3

Todo o curso

Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración: gradualmente, até chegar ó 60%

1.7. PERICVLVM EXTREMVM

Acordarán co profesor antes de novembro o tipo de traballo, darán conta das fontes ou medios que están a usar ou recompilar antes das vacacións de Nadal, informarán alo menos unha vez ó mes do progreso do mesmo; todas as fases e fontes deben estar perfectamente documentadas e, no caso das bibliográficas, segundo o canon internacional.

Modelos (non son únicos):

- Desenvolver cientificamente un tema relacionado co latín ou con Roma baseado en fontes fiables e actualizadas
- Facer unha demostración física comprobable e en condicións obxectivas dunha realidade propia do mundo romano e en principio *allea ó noso*
- Elaborar unha oratio correctamente conformada de acordo coas regras da retórica clásica
- Desenvolver unha presentación electrónica útil por si mesma para calquera dos puntos do programa ou con finalidade propedéutica

Exemplos:

- Mapas en transparencias coa evolución do imperio
- Facer a receita de albóndigas de Apicio
- Reconstrución dun partido de *harpastum* a partir das fontes previamente estudias
- Clasificación das estatuas de Augusto por épocas segundo a iconografía utilizada
- Elaboración dun artigo para a Wikipedia sobre as inscricións latinas actuais en Santiago
- Recompilación e clasificación de barbaridades sobre Roma antiga e de latinajos na prensa

1.8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES

Visita ó fondo histórico da Biblioteca Xeral da Universidade no primeiro trimestre

Participación nas actividades pedagóxicas da SEC no mes de maio

Visita á parte vella de Santiago seguindo as pegadas clásicas e neoclásicas; se se pode, o mesmo día que a visita arriba citada

1.9. FICHA DE SEGUIMIENTO

Entregada ós alumnos o primeiro día de curso e que servirá para o control da competencia *aprender a aprender*.

quid didici ¹	ubi didici ²	die ³	cuius generis ⁴
--------------------------	-------------------------	------------------	----------------------------

--	--	--	--

- 1 que aprendiches: *locutiones* (fraseoloxía), *litterae* (literatura), *lingua* (lingüística), *sermo* (fala), *historia*...
- 2 onde: *in aula* [na aula], *domi* [na casa], *in bibliotheca* [na biblioteca], *in itinere* [nunha viaxe]...
- 3 data (sempre co sistema romano)
- 4 tipo de actividade: *periculum* (exame), *lectio* (clase), *scheda* (ficha), *excogitatio* (discurrir)...

2. LATÍN I

2.1. INTRODUCCIÓN E OBXECTIVOS. ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS NO PASADO CURSO E PROYECCIÓN NO CURSO PRESENTE

O latín no mundo occidental como interlingua científica (codificador da herdanza medieval e renacentista do mundo mediterráneo antigo) e como vehículo da tradición clásica viu reducido o seu papel nos últimos anos ó mesmo tempo que se insistía nel nos ámbitos das responsabilidades administrativas. Teóricamente, tal papel se cumpre na asignatura de Cultura clásica, pero ó ser ésta optativa, non obrigatoria para os alumnos da especialidade, cun programa monstroso e dividida en dous anos non secuenciais, o fracaso escolar (pois o programa de mínimos de bacharelato segue ser o mesmo) é brutal. Por outra parte, en tanto que instrumentum de outras materias, a asignatura non escapa á especialización do novo ensino medio, aínda que é considerada materia clave en tanto que sistema

Mención aparte merece o novo sistema implantado na LOMCE; a programación non só non diminúe, senón que asume novos contidos, coa incongruencia de que estes "non deben" impartirse na clase a favor das competencias; dado que estas non van ser obxecto de exame na reválida, senón os contidos ("estándares de aprendizaxe" na linguaxe da nova lei), non parece estar nada claro qué se pretende que fagamos na clase.

Dentro dos obxectivos marcados pola lei, se inclúen exercer a cidadanía democrática e adquirir unha conciencia cívica responsable que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade; consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico; impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social; afianzar os hábitos de lectura, dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá e nunha ou máis linguas estranxeiras, utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación, coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución, dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida, comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos, desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, e afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito do patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Por todo o anterior, o programa debe permitir adaptar as circunstancias concretas do alumno sen perder de vista o obxectivo final de latín II; pero a colaboración e comunicación entre alumnos e profesor debe ser constante, atenta e fluida. Os únicos límites son o tempo, o programa mínimo e o grupo, pero éstos son rixidos; e o alumno deberá dende agora mesmo asumir unha madurez metodolóxica, científica, interpretativa e persoal que é perfectamente posible que non posúa. É entón fundamental que os

alumnos lean, entendan e asuman os criterios xerais que se expoñen aquí e en clase; que comuniquen á maior brevidade ó profesor os seus déficits de coñecementos e que sigan as indicacións de este para subsanalos; e que adopten o ritmo de traballo que se lles indique. A lectura detallada, comprensiva e asumida do presente programa é unha obriga dende a sá mesma entrega.

É innecesario dicir que, dentro dos límites aquí fixados, os alumnos poderán modificar, suprimir ou engadir calquera cousa que consideren oportuna, ou opoñerse a ela, sempre que sexa consensuada entre grupo e profesor, e se o calendario así o permite.

2.2. TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Para a xeralidade das competencias ó longo de todo os latíns que se imparten no ensino medio, cfr. 4.0

Identificación dos "estándares" na táboa inmediata

- B1.1. Marco xeográfico da lingua.
- B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.
- B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.
- B1.4. Orixe, evolución e etapas do latín. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.
- B2.1. Orixe da escritura. Sistemas de escritura.
- B2.2. Orixe e evolución do alfabeto latino.
- B2.3. Pronuncia do latín: tipos.
- B3.1. Formantes das palabras.
- B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.
- B3.3. Concepto de declinación e conxugación.
- B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.
- B3.5. Flexión verbal
- B4.1. Elementos da oración.
- B4.2. Casos latinos.
- B4.3. Concordancia.
- B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.
- B4.5. Oración composta: coordinación e subordinación.
- B4.6. Construcións de infinitivo e de participio.
- B5.1. Períodos da historia de Roma.
- B5.2. Romanización de Hispania e da Gallaecia.
- B5.3. Organización política e social de Roma.
- B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.
- B5.5. Arte romana.
- B5.6. Obras públicas e urbanismo.
- B5.7. O exército.
- B6.1. Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica.
- B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.
- B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.
- B6.4. Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.
- B6.5. Lectura comparada e comentario de textos en lingua latina e lingua propia.
- B6.6. Produción de pequenos textos en lingua latina.
- B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.
- B7.2. Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos.
- B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos.
- B7.4. Locucións latinas de uso actual.

"estándar"	TEMPO	MÍNIMOS	AVALIACIÓN	COMPETENCIAS <i>a competencia lingüística está incluída en todos os ítems</i>
B1.1.1. <i>Ámbito, imperium, limes</i>	septembro e marzo	<i>limes</i> en mapa mudo	B1.1 localización da Romania	matemática, científica e tecnolóxica / competencia cultural / social e cidadá
B1.2.1. indoeuropeo	octubre	explicación escrita de conceptos básicos	B1.2. Concepto de indoeuropeo e de lingüística comparada	competencia dixital / aprender a aprender
B1.3.1. clasificación lingüística	octubre	encher un <i>Stammbaum</i> evolutivo	B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	social e cidadá / competencia cultural
B1.4.1. linguas de España e romances	octubre	clasificar na clase e por escrito as variantes fundamentais	B1.4. Xeografía lingüística da Península	social e cidadá / competencia cultural
B1.5.1. etapas do latín	octubre e	clasificar na clase e por	B1.5. Distinguir as etapas do	aprender a aprender /

	novembro	escrito as variantes fundamentais	latín	matemática, científica e tecnolóxica
B1.5.2. Evolución e latinismos	octubre e novembro	non será de avaliación específica		
B1.5.3. latín no século XXI	maio	non será de avaliación específica		matemática, científica e tecnolóxica / competencia dixital / competencia cultural
B1.6.1. evolución aplicada	octubre e novembro	non será de avaliación específica	B1.6. evolución do latín ás linguas románicas	aprender a aprender
B2.1.1. escritura	septembro	alfabetos latino, grego e etrusco	B2.1. Distinguir sistemas de escritura	competencia dixital / competencia cultural
B2.2.1. alfabeto B2.3.1. evolución do alfabeto	septembro	alfabeto calcídico; numeración romana	B2.2. evolución do alfabeto	aprender a aprender / matemática, científica e tecnolóxica
1B2.4.1. pronuncia	septembro	corrección absoluta	B2.4. Lectura	
B3.1.1. formantes	novembro	lexemas, temas, desinencias e terminacións	B3.1. identificación dos formantes	matemática, científica e tecnolóxica
B3.2.1. Clases de palabras	novembro	non será de avaliación específica	B3.2. Distinguir o enunciado.	aprender a aprender
B3.3.1. Flexión	novembro	nominal, pronominal e verbal	B3.3. Identificar formas flexionadas	aprender a aprender / competencia dixital
B3.4.1. declinación	novembro	formas clásicas	B3.4. declinar	
B3.4.2. concordancia sintagmática	novembro	entre modificadores		
B3.5.1. conxugación	novembro	os 7 tempos máis usados segundo a estatística de Nijmegen	B3.5. conxugar	aprender a aprender
B3.5.2. paradigmas	1º trimestre	completos regulares		
B3.5.3. voz	decembro	en frases regulares	concepto	
B3.6.1. temas verbais	decembro	distinguir dende o enunciado	B3.6. <i>Infectum e perfectum</i>	aprender a aprender
B3.6.2. Diátese	decembro	en frases sencillas	activa, media e pasiva	competencia dixital
B3.7.1. Categorias	octubre	non será de avaliación específica	B3.7. Sintaxe interna do verbo	aprender a aprender
B3.8.1. Correspondencia entre verbo latino e románico	novembro	1 modelo por <i>infectum</i> e por <i>perfectum</i>	B3.8. Traducir verbos	aprender a aprender
B4.1.1. funcións básicas	septembro	suxeito, o.dir., determinante nom.	B4.1. Sintaxe sintagmática	matemática, científica e tecnolóxica
B4.2.1. casos	septembro e outubro	todos excepto locativo	B4.2. Gramática xenerativa e transformacional do caso	aprender a aprender
B4.3.1. concordancia	septembro	suxeito-verbo en todas as voces	B4.3. Regras de concordancia	
B4.4.1. tipos de oración	xaneiro	simple e subordinación conxuntiva	B4.4. Identificación tipos de oración	matemática, científica e tecnolóxica
B4.5.1. Relación entre oracións	xaneiro e febreiro	modo atraído e interordinantes	B4.5. Distinción de oracións	aprender a aprender
B4.6.1. formas non persoais	decembro	infinitivos non perifrásticos	B4.6. formas non persoais	aprender a aprender
B4.7.1. construcións de infinitivo e participio	marzo até fin de curso	absoluta de ablativo	B4.7. Completivas de infinitivo e ablativo absoluto	
B5.1.1. Roma no mundo antigo	todo o curso	-753 e -44	B5.1. eixos cronolóxicos	competencia cultural / social e cidadá

B5.1.2. etapas da historia de Roma	novembro	segundo a historiografía actual		social e cidadá / iniciativa / competencia cultural
B5.1.3. Sincronía	novembro	non será de avaliación específica		aprender a aprender / social e cidadá
B5.1 cronoloxía	octubre	segundo a historiografía coetánea		competencia dixital / matemática, científica e tecnolóxica
B5.1.5. Feitos clave	octubre	non será de avaliación específica		social e cidadá / iniciativa
B5.2.1.romanización: fases.	octubre	en función do traballo individual	B5.2. eixos cronolóxicos.	matemática, científica e tecnolóxica / social e cidadá
B5.2.2.romanización: proceso	3º trimestre	non será de avaliación específica		social e cidadá / competencia dixital
B5.3.1. arqueoloxía	xuño	non será de avaliación específica	B5.3. Recoñecer elementos da romanización	aprender a aprender / matemática, científica e tecnolóxica / competencia dixital / competencia cultural
B5.4.1. sistema político romano.	2º trimestre	non será de avaliación específica	B5.4. Comparación política e social	iniciativa / social e cidadá
B5.4.2. sociedade romana	todo o curso	non será de avaliación específica		iniciativa / competencia dixital / social e cidadá
B5.5.1. mitoloxía grecolatina	cos textos	non será de avaliación específica	B5.5. mitoloxía nas artes plásticas	competencia cultural / competencia dixital
B5.5.2. figuras míticas	xuño	non será de avaliación específica	recoñecer	competencia cultural competencia dixital
B5.6.1. Pervivencia do mito	xuño	non será de avaliación específica	B5.6. mitografía	competencia cultural / social e cidadá / iniciativa
B5.6.2. Socioloxía do mito	xuño	non será de avaliación específica	B5.7. Identificación de cultos e ritos	aprender a aprender / competencia cultural
B5.7.1. relixión oficial e privada	todo o curso	a partir do traballo individual		social e cidadá / matemática, científica e tecnolóxica / cultural
B5.8.1. arte romana	asociado ós traballos	conceptos básicos reflexados no traballo	B5.8. arte romana	competencia cultural / competencia dixital
B5.9.1. obras públicas	asociado ós traballos	conceptos básicos reflexados no traballo	B5.9. Mantemento do urbanismo romano	competencia dixital / social e cidadá
B5.9.2. patrimonio conservado	asociado ós traballos	conceptos básicos reflexados no traballo		matemática, científica e tecnolóxica / competencia dixital / aprender a aprender
B5.10.1. o exército romano	abril	conceptos básicos reflexados no traballo	B5.10. funcionamento do exército romano	social e cidadá / matemática, científica e tecnolóxica
B6.1.1. análise lingüística de textos	todo o curso	6 / 10	B6.1. interpretación de textos de dificultade progresiva	aprender a aprender
B6.2.1. comprensión lingüística	todo o curso	7 / 10	B6.2. Sintaxe comparada	aprender a aprender
B6.3.1. lexicografía aplicada	todo o curso	non avaliable nas probas escritas, non máis de 2 erros nas de aula	B6.3. Utilización de dicionarios	aprender a aprender
B6.4.1. <i>Realia</i>	todo o curso	os elementos marcados en B5 e B1	B6.4. 1º fase da <i>lectio</i>	social e cidadá / competencia cultural / aprender a aprender
B6.4.2 preparación do texto	todo o curso	non máis de 10% de material sen preparar		matemática, científica e tecnolóxica
B6.5.1. Redacción en latín	todo o curso	non será de avaliación específica	B6.5. Composición básica en latín	

B6.6.1. Locución en latín	todo o curso	frases de presentación	B6.6. Comunicación oral en latín	
B7.1.1. contexto lingüístico B7.1.2. léxico de frecuencia.	todo o curso	prosa clásica con non máis de 3 oracións relacionadas	B7.1. Comprensión básica a primeira vista	aprender a aprender competencia dixital
B7.2.1. prefixos e sufixos	maio	non será de avaliación específica	B7.2. Identificación de prefixos e sufixos	matemática, científica e tecnolóxica
B7.3.1. étimos B7.4.1. etimoloxía	novembro e maio	non será de avaliación específica	B7.3. B7.4. Evolución de palabras	aprender a aprender
B7.4.2. familias etimolóxicas e semánticas	todo o curso	non será de avaliación específica		aprender a aprender competencia dixital
B7.5. locucións latinas	maio	non será de avaliación específica	B7.5. emprego de locucións	

2.3. TEMPORALIZACIÓN

2.3.1. PERIODIZACIÓN BÁSICA DOS OBXECTIVOS

1 Iniciación	1º trimestre
2 Recoñecemento	septembro a xaneiro
3 Percepción histórica	todo o curso
4 Achegamento e distinción	novembro a fin de curso
5 Evolucion e permanencia	1º trimestre
6 Indagación	2º trimestre + cfr. TRABALLO
7 Valoración romana da lingua	3º trimestre
8 Valoración do mundo romano	3º trimestre

2.3.2. PERIODIZACIÓN BÁSICA DOS CONTIDOS E "ESTÁNDARES"

septembro e marzo	B1.1 localización da Romania
octubre	B1.2. Concepto de indoeuropeo e de lingüística comparada
octubre	B1.3. Agrupar as linguas ide. en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.
octubre	B1.4. Xeografía lingüística da Península
octubre e novembro	B1.5. Distinguir as etapas do latín
octubre e novembro	B1.6. evolución do latín ás linguas románicas
septembro	B2.1. Distinguir sistemas de escritura
septembro	B2.2. evolución do alfabeto
septembro	B2.4. Lectura
novembro	B3.1. identificación dos formantes
novembro	B3.2. Distinguir o enunciado.
novembro	B3.3. Identificar formas flexionadas
novembro	B3.4. declinar
novembro	B3.5. conxugar
decembro	B3.6. <i>Infectum e perfectum</i>
octubre	B3.7. Sintaxe interna do verbo
novembro	B3.8. Traducir verbos
septembro	B4.1. Sintaxe sintagmática
septembro e outubro	B4.2. Gramática xenerativa e transformacional do caso
septembro	B4.3. Regras de concordancia
xaneiro	B4.4. Identificación tipos de oración
xaneiro e febreiro	B4.5. Distinción de oracións
decembro	B4.6. formas non persoais
marzo até fin de curso	B4.7. Completivas de infinitivo e ablativo absoluto
todo o curso	B5.1. eixos cronolóxicos
octubre	B5.2. eixos cronolóxicos.
xuño	B5.3. Recoñecer elementos da romanización
2º trimestre	B5.4. Comparación política e social
cos textos	B5.5. mitoloxía nas artes plásticas
xuño	B5.6. mitografía
todo o curso	B5.7. Identificación de cultos e ritos
asociado ós traballos	B5.8. arte romana
asociado ós traballos	B5.9. Mantemento do urbanismo romano
abril	B5.10. funcionamento do exército romano
todo o curso	B6.1. interpretación de textos de dificultade progresiva
todo o curso	B6.2. Sintaxe comparada
todo o curso	B6.3. Utilización de dicionarios
todo o curso	B6.4. 1º fase da <i>lectio</i>

todo o curso	B6.5. Composición básica en latín
todo o curso	B6.6. Comunicación oral en latín
todo o curso	B7.1. Comprensión básica a primeira vista
maio	B7.2. Identificación de prefixos e sufixos
novembro e maio	B7.3. B7.4. Evolución de palabras
maio	B7.5. emprego de locucións

2.4. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA ASIGNATURA. CRITERIOS XERAIS. INSTRUMENTOS. DIVERSIFICACIÓN

Partimos do presuposto de que os alumnos son tales se os seus esforzos se adecuan ó obxectivo marcado neste programa e non se desvían da disciplina marcada por grupo e profesor. A cualificación individual debería atermos ó sistema occidental, é dicir, a defensa pública de dominio da materia no momento decidido polo discente; pero os actuais sistemas, corrompidos por criterios procedentes de Asia e outros lugares obrigan “cualificar” periódicamente (?) e dentro do marco temporal dos dez meses de curso. Por elo, nun intento de avir a cruda realidade e o saudable respecto a unha tradición secular de eficacia demostrada unha e outra vez, o profesor proporá unha proba oral e/ou escrita entre finais de maio e principios de xunio na que o alumno rinda contas da súa capacidade de enfrentamento ó programa, que será calibrada persoalmente e tendo en conta, se é positivo, o desenvolvemento do curso; o desenvolvemento negativo se terá en conta: se non se cumpren no momento fixado as actividades programadas, sempre que non sexa atribuíble a impericia; se a periodización da materia é interrumpida individualmente de forma inxustificada; se se impide o normal desenvolvemento do curso; de darse, o alumno perde todas as calificacións positivas que acadara anteriormente. As cualificacións parciais só deberán, por tanto, ser tidas en conta coma índices de progresión cronolóxica, o que conleva unha avaliación continua.

Resulta obvio que os alumnos poden usar a lingua románica que prefiran e, no caso do galego, na normativa que consideren máis axeitada. O profesor subministrará ós alumnos unha dirección electrónica na que, de darse o caso, poidan entregar borradores ou consultar a calidade de webs. O alumnado que empregue software libre disporá dos prazos adicionais necesarios, dada a dificultade engadida polas frecuentes incompatibilidades.

No caso de dificultades de aprendizaxe non imputables á déficit do alumno, ou no caso de alumnos con discapacidade, véxase 0.9.

2.5. CRITERIOS E MÍNIMOS

Considéranse mínimos para a avaliación positiva:

-a interpretatio dun texto de dificultade baixa-media de 3 ou 4 líneas, coa sintaxe clásica normal, incluíndo completivas de todo tipo e oracións de relativo, de César, Suetonio e Petronio, do segundo con comentario de realia e do terceiro con traducción ó lado e análise lingüística: 60 %

-a aceptación do traballo ó que nos referimos máis abaixo: 20 %

-unha cualificación mínima de 4 sobre 10 -ou equivalente- nas probas de Historia da lingua e de aprobado na de morfoloxía verbal: 20%

Os alumnos faranse cargo das notas críticas, de propedéutica ou de datos que se lles encargue en cada texto, si ben, segundo os casos, poderán repartirse o traballo; e elaborarán un traballo de investigación cos criterios, fontes e métodos explicados no seu sitio, e aténdose estrictamente á cronoloxía marcada.

2.6. CONTIDOS PRÁCTICOS E TEÓRICOS

(pormenorización na táboa)

estándar de aprendizaxe avaliable de:

O latín na súa historia: do indoeuropeo ás linguas neolatinas. Fontes literarias e non literarias. Introducción á historia da escritura e o libro latinos, a transmisión manuscrita e a filoloxía

Os niveis lingüísticos: latín clásico fronte ó resto dos latíns. Percepción. Latín, latinismos e ámbito de latinidade hoxe

Gramática e lingüística do latín (uide infra pormenorizado)

Textos latinos: introducción (nivel baixo a medio). Técnicas e problemas de traducción. Comprensión de *realia*

Introducción á historia, ideoloxía e mentalidade pública e privada de Roma con especial atención ó período tardorrepublicano e de inicio do cesarato

Os romanos e os seus continuadores en tanto que referentes textuais, Cultura e civilización grecolatinas: de eles a nos

2.7. TRABALLO

2.7.1. Realización

Cada alumno se fará cargo de un dos temas listados ó final ou de algún outro que acorde co profesor. Manexará o material que se lle sinala até afacerse coa idea básica de contidos e criterios e o comunicará ó profesor, que lle sinalará posibles erros; e redactará de xeito claro e conciso, con criterio propio, o tema investigado; primará sempre a claridade sobre a profusión, o criterio individual sobre a doutrina recepta e a investigación sobre a narración; a aprobación do profesor resulta nesta fase imprescindible para pasar á definitiva. Queda expresamente vetada a recopilación de datos de calquera fonte sen someter ó criterio citado. O traballo se presentará grafiado mecánica ou electrónicamente sobre DIN-A4, correctamente cosidos (á esquerda) e paxinados (se na marxe inferior, no centro; se no superior, á esquerda sobre o verso [pares] e á dereita sobre o recto [impares]), con índice (que non se recolle a sí mesmo), criterio utilizado e bibliografía. Se o profesor o considera posible, se exporá en clase, e, se non, se entregará un resumo para os compañeiros coas características que oportunamente se sinalarán

2.7.2. Temas (suxeridos)

O culto público / O culto privado / Helenización do culto e cultos asiáticos / As edades cronolóxicas e legais / Constitución e cénit da república / Mosaico e pintura / Urbanismo / O retrato / Arquitectura civil / O período rexio, lenda e historia / Comida, cocina e alimentación / Matrimonio, sexualidade, procreación / Clases sociais e poder económico / Mineiría e metalisteiría / O exército antes e despois de Mario / Guerras púnicas / Maxistraturas / Periodización da expansión do imperio / Hispania e a Lusitania / Sistema lexislativo / O senado / Vías e medios de comunicación / Roma e máis o resto de pobos itálicos e italianos / *Prouvinciae e coloniae* / O alto imperio e a dinastía xulio-claudiana / Sistema agrícola: técnica e modo de produción / Fin da república e constitución do cesarato / Dos Flavios ós Antoninos

Todos os temas pódense refundir, misturar, modificar e reducir previo o visto bo do profesor

2.7.3. Bibliografía

O canon internacional de cita bibliográfica que se comunica ós alumnos é:

a) Nome do autor ou autores en minúscula, APELIDOS EN MAIÚSCULA, ou ben Apelido en minúscula, coma, inicial do nome. Se hai máis de 3 autores, se cita o primeiro como se dixó e se escribe despois et al(ii), ou ben se engloban todos en VV.AA. (=varios autores), Se non aparece o nome do autor, Anónimo

b) Título da obra, subraiado se o texto se xera manual ou mecánicamente ou en cursiva se se xera electrónicamente ou en imprenta. Se se trata de só unha parte da obra (capítulo, artigo...), “o seu título vai entre comiñas” seguido de en e o da obra na que está incluída, citada como se dixó antes

c) Casa editorial; se é un facsímil de obra impresa, faise constar con todos os datos

d) Lugar de edición, ou, se non se coñece, de impresión; se tampouco se coñece este, escríbese s(ine) l(oco)

e) Ano de edición; se non se coñece, escríbese s(ine) a(nno)

f) Número de edición escrito coma superíndice do ano

a) vai separado de b) por : dous puntos; b) de c) e c) de d) por . punto ou , coma; e d) de e) por branco ou , coma

Os documentos procedentes de Internet ou outras redes se citan igual, sustituíndo c) e d) por o número identificativo de w. ou dirección. Se unha obra ocupa máis de un libro, falamos de tomo se a paxinación é seguida, e de volume se é independente. Exemplos:

John BOARDMAN, Jasper GRIFFIN e Oswin MURRAY: “Roma”, tomo 2 de *Historia Oxford del mundo clásico*. Alianza Editorial. Madrid 1988

Jerôme CARCOPINO: *La vida cotidiana en Roma en el apogeo del imperio*. Temas de hoy. Madrid 1995³

Benedikt Wach: Lateinische Sprichwörter, Phrasen und Aphorismen, www.kreienbuehl.ch/lat/latein/sprichwoerter.html

2.7.4. Citas:

Despois de citar unha obra por primeira vez segundo o visto, para volver facer referencia á mesma obra escríbese op.(us) cit.(atum), ó mesmo pasaxe loc.(us) cit(atus), e sen saír de cita ib(idem); unha referencia que aparece tantas veces que non resulta útil enumeralas todas, passim. Para indicar “aproximadamente” escribimos c(irca); e, se non interesa ou non se coñece unha data concreta de desenvolvemento da actividade principal de unha persoa, fl(oruit). Para facer referencia a algo xa explicado se usa ut supra; se se quere remitir a algo que se acaba de dicir ou que se va dicir despois, u(ide) supra ou u(ide) infra, respectivamente; e para comparar con datos ou opinións de outra persoa, cfr. (=confer). Para indicar que algo se trata nun autor, obra u medio sen máis especificacións, apud. Nas edicións electrónicas as 3 primeiras citadas se substitúen por hipervínculo.

2.8.5. Periodización e cronoloxía do traballo

Elección de tema e selección de fontes, antes do 4 de outubro; primeira fase, antes de Nadal; versión previa, antes de antroido; e entrega definitiva en maio

2.8. PROGRAMA DE LINGÜÍSTICA LATINA: GUÍA DE CONTIDOS

HISTORIA DA LINGUA

Concepto de latín e das súas variantes diatópicas, diacrónicas, diafásicas e diastráticas. O latín coma lingua acusativa; linguas ergativas. O latín coma lingua flexiva; linguas illantes e aglutinantes. O latín coma lingua indoeuropea: lingüística comparada, concepto de indoeuropeo, a súa reconstrucción e clasificación, linguas non indoeuropeas. Evolución do latín e conceptos de latín clásico e “vulgar”. A fragmentación lingüística da Romanía, o protorromance e a formación de novas linguas. Criterio de clasificación das linguas neolatinas ou románicas. Historia do latín a partir de ese momento.

FONOLOXÍA E GRAFÍA

Repertorio de fonemas en época clásica e variantes históricas. O alfabeto: maiúsculas e minúsculas, separación de palabras, epigrafía. Suprasegmentais: problemas de prosodia e entonación; cantidade; sistema de alternancia vocálica e repercusións no sistema morfolóxico. Acento e tono. Grafías de cantidade. Ápex. Leis da baritonese e da penúltima acentuada.

MORFOLOXÍA I

1. Criterios morfolóxicos en linguas flexivas, flexión latina e flexión romance; a constitución do sistema morfosintáctico dunha lingua flexiva; os casos en linguas actuais. Sufixo, desinencia e terminación; finais aglutinados e segmentación de formas flexivas.

2. As variables ou categorías: xénero e sexo; número gramatical e real; caso e función sintáctica. O método desinencial fronte ó método desinencia + preposición + orde de palabras. Taxonomía dos casos: vocativo (función impresivo-expresiva), nominativo (caso Ø suxeito), acusativo (caso Ø réxime verbal); o predicado e o seu núcleo dende o punto de vista do caso; dativo (réxime de verbos bipolares e núcleo); xenitivo (filiación e determinación); ablativo (complemento rexido, periférico, valor prepositivo); o acusativo con preposición. Locativo. Outros casos. Orde dos casos.

3. Conceptos de radical, lexema e tema. Sufixación e composición de nomes: a formación latina de *nomina*. Temáticos en -

o- /-e-; sufixados en -a- (∂_2), -i- (iod) e -u- (wau); sufixacións consonánticas e palabras-raíz: tratamento das terminacións; o caso da "5ª declinación". Ruina do sistema flexivo e substitución. Os procesos lingüísticos clave na historia da morfoloxía: alternancia de cantidade, alternancia vocálica, rotacismo, apofonía medial, peche de vocais finais, analogía.

4. Adxetivos: tipo *altus alta altum*; tipo *leuis leue + acer acris acre* e tipo *amans amantis*; tipo *pauper pauperis*. O sistema morfolóxico de gradación e as súas implicacións sintácticas; sufixos *-ios- / -ies- e *-somos-; gradación no adverbio; adverbios non deadxetivais. Morfonoloxía do participio.

5. Sistema pronominal: pronomes propiamente ditos; mostrativos e localizadores; o papel das marcas formais gen. -ius, dat. -ī e a asimilación ó sistema pronominal; pronomes persoais; adxetivos/pronomes posesivos, deícticos e fóricos: concepto, uso, marcas formais, expresión verbal e non verbal; a serie *k^w: relativos e interrogativos-indefinidos-exclamativos; cuantificadores e indefinidos; o sufixo *(e)ro- / t(e)ra. Series numerais.

MORFOLOXÍA II

Análise do sistema verbal latino e dos seus problemas: voz e diátese; temas e tempos, tempos e modos, aspectualización e *Aktionsart*; *infectum / perfectum*; sufixos e outras marcas formais; morfoloxía, sintaxe, semántica, función lingüística e función estilística do modo; os 5 suxeitos e a identificación da persoa verbal: a "3ª" persoa e as formas sen categoría de persoa. Descrición do verbo: segmentación; grado da desinencia; infecta en -a-, -e-, -ī-, -ī- e consonante; perfecta alternantes, reduplicados, en wau e sigmáticos; os imperativos; formación da diátese activa e da mediopasiva; formación dos tempos compostos; desuso da media e refacción do sistema; oracións activas e pasivas. Excepcións, anomalías e irregularidades do sistema verbal.

MORFOLOXÍA III

As categorías e clases de palabra non suxeitas a flexión; vacilacións na adscripción e labilidade de este tipo de clasificacións; formas lexicalizadas. Sistema adverbial, orixe dos adverbios, marcas formais. Os subordinantes morfolóxicos ou preposicións. As auténticas conxuncións (=nexos entre iguais) e as interordinantes. Os sistemas triples (-*que*, *atque/ac* e *et*; -*ue*, *uel* e *aut*). Os subordinantes sintácticos: subordinación conxuntiva fronte a outros medios; o subordinante universal *ut*, as series formadas con *k^w e os seus compostos: estatística de uso, taxonomía.

SINTAXE

A orde de palabras e o *ordo rectus*; o sistema de determinación; leis de suxeito - predicado e determinante - determinado, alcance e motivos de fractura: resolución de ambigüidade, construcións fixadas, intencionalidade literaria; diferenza entre predicación e atribución. A análise sintáctica por núcleos e a bimembre; problemas de nomenclatura; o predicado e a función predicativa; relación entre nomes mediando ou non verbo, relación entre suxeito e verbo, o núcleo do predicado, relacións verbais e non verbais, sintaxe relaxada. Concordancia. Parataxe ou sintaxe conxuntiva. Definición e problemas das subordinadas. O suxeito e o obxecto directo subordinados coma: a) conxuntivos, b) interrogados, c) dobre réxime de acusativo e a súa conversión a sintaxe perfecta. O determinante subordinado ou subordinada de relativo, relativo adxetivo e pronome, o modo como dobre marca de subordinación. Os complementos preposicionais e periféricos subordinados: clasificación de nexos, uso do modo.

COMUNICACIÓN E PRAGMÁTICA

Pregunta e resposta, afirmación e negación. Competencia lingüística e niveis da linguaxe: Roma e as provincias, a "invención" do latín clásico, o uso do grego, nivel social, o mito do sabino; valoración das fontes, dos graffitti ás gramáticas. Estilística. Establecemento do latín como modelo lingüístico e literario, historia do latín como lingua franca, o noso concepto e uso actual.

SEMÁNTICA E LÉXICO

Estatística de frecuencias. Productividade e selección de léxico do latín como indoeuropeu (fondo común e paralelismos), como itálico (a nunca resolta cuestión do protoitálico e do itálocelta) e como protorromance. Aspectos semánticos máis significativos. Cultismos en latín e cultismos latinos, transcripción, calco, adaptación e tradución. O grego en Roma e no imperio. A función da literatura: helenización de Roma. A formación de palabras e a composición. Fontes do latín non clásico. Linguas especializadas. O criterio para a fixación e redución do latín clásico e o seu uso en ciencias naturais e positivas

3. LATÍN II

3.1. INTRODUCCIÓN. MODIFICACIÓNS. OBXECTIVOS. "ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO"

O Latín II representa varios niveis diferentes por comparación co Latín I: o valor da asignatura por sí mesma; a comparación entre asignaturas que xa se impartiron en 1º e novas; o seu valor como materia obxecto de exame da no nata reválida, que deba estar especificada xa dende principios do curso pasado; directamente relacionado con eso, o de asignatura bienal. O programa da LOMCE non só non diminúe, senón que asume novos contidos, coa incongruencia de que estes "non deben" impartirse na clase a favor das competencias; dado que estas non van ser obxecto de exame na reválida, senón os contidos ("estándares de aprendizaxe" na linguaxe da nova lei), non parece estar nada claro qué se pretende que fagamos na clase.

Dentro dos obxectivos marcados pola lei, se inclúen exercer a cidadanía democrática e adquirir unha conciencia cívica responsable que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade; consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico (α); impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social (β); afianzar os hábitos de lectura (γ), dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá e nunha ou máis linguas estranxeiras (δ), utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación (ϵ), coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa

evolución (ζ), dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida (η), comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos (θ), desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, e afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito do patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado (ι). Para todo eso, determínase un programa no que: a) os contidos de lingüística retroceden cerca de século e medio ("oracións compostas" que inclúen subordinadas [!]) prescindindo até dos máis elementais avances na análise lingüística, b) reduce o programa de literatura a un nivel de *Orchideen-Fächer* ("Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental": refírese a *regula* de Benito de Nursia? compre ler a Plauto?), e c) caracterízase pola autorreferencia innecesaria, o que deixa claro o nivel de preparación dos autores de semellante aberración ("Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria": é que hai locucións latinas incorporadas á lingua de xiria?)

Un dos obxectivos fundamentais é, obviamente, o que na desdichada redación da lei aparece como "organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias". Supuña que se refería á proba de reválida, convertida nunha proba semellante á da antiga Proba de acceso á universidade. É dicir, efectivamente trátase dun exame exclusivamente de contidos.

3.2. SISTEMA DOCENTE, AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DA ASIGNATURA. INSTRUMENTOS. MÍNIMOS

Proporanse textos de dificultade e/o ámbito cada vez maiores ós que o alumno se enfrentará dende o punto de vista de comprensión lingüística e referencial do propio texto, e dos elementos hipertextuais que, segundo sinale o profesor, vaian aparecendo como coñecemento necesario de ese ou outros textos. No primeiro nivel se indicará ó alumno un ou varios sistemas de acceso que este admitirá, rexeitará ou combinará con outros, excepto no que toca a desenvolvemento común do curso; no segundo, o profesor invitará a cada alumno a facerse cargo de unha parte do programa seguindo criterios, límites, método, material e cronoloxía moi definidos, ós que o estudante obedecerá de maneira sumamente estricta salvo impedimento maior comunicado de inmediato ó profesor para que éste poda reorganizar o necesario; así quedará implícitamente dada a parte non programática de avezamento nos sistemas científicos de investigación. Parece que este sistema pode aforrar tempo e o alumno ve cada novo esforzo como mellora tanto mediata coma inmediata.

Os alumnos que se incorporen ó curso de novas por traslado doutro centro serán informados pormenorizadamente do programa impartido en Latín I e do nivel acadado, e disporán dun sistema personalizado para salvar as posibles diferencias, aínda que non deben esperar trato de favor algún: aínda que non aprenderan certas cousas, si levarán vantaxe noutras. Os alumnos que necesiten atención diversificada acordarán co profesor o método e sistema que pareza máis proveitoso, que se modificará de non dar os resultados apetecidos. Resulta innecesario dicir que os alumnos poden desenvolver as súas actividades na lingua románica que prefiran (e, no caso do galego, na normativa que máis lles apeteza) e que calquera modificación acordada por alumnos e profesor, cos únicos límites de medios materiais e tempo, será asumida.

3.2.1. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE. COMPETENCIAS

Á vista de todo o anterior, os obxectivos do curso son o avezamento na lectio de textos clásicos de dificultade alta e a iniciación madurada en textos pre- e postclásicos, singularmente desde mediados do s.-II até inicios do s.III; o coñecemento xenérico dos condicionamentos lingüísticos do latín, especialmente desde o punto de vista diacrónico e diafásico; a adquisición dos referentes, textuais ou non, propios da cultura e da civilización latinas, sinaladamente os literarios e políticos. Ou, dito de maneira máis práctica, o alumno debe, a fin de curso, ser capaz de recoñecer instantáneamente en qué consiste un texto, de qué fala, e aproximadamente cómo e cando está escrito, e, despois de algún traballo sobre o mesmo, de confirmar ou non a súa primeira impresión e de solucionar o que del descoñeza, ben por sí mesmo, ben sendo capaz de localizar e usar o material pertinente. O profesor subministrará ós alumnos unha dirección electrónica na que, de darse o caso, poidan entregar borradores ou consultar a calidade de webs. O alumnado que empregue software libre disporá dos prazos adicionais necesarios, dada a dificultade engadida polas frecuentes incompatibilidades. Os alumnos poden ser requeridos para analizar cos alumnos de Latín I as diferencias e os elementos máis importantes dos dous cursos.

Os alumnos deberán ter claro xa que a idea de curso, no sentido de un profesor que imparte uns coñecementos tragados (ou non) polo estudante, non ten a menor relación co sistema a desenvolver: profesor e alumnos son continuamente impartidores de materia, e o resultado -salvando as lóxicas diferencias de capacidade e studium- debe ser global. O alumno que por calquera razón prefira non seguir este sistema deberá aprobar ó menos dous dos autores e o teórico de literatura, sen que por elo se vexa liberado do traballo infra citado, e as súas cualificacións irán de 1 a 10.

Para a xeralidade das competencias ó longo de todo os latíns que se imparten no ensino medio, cfr. 4.0

3.2.2. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO. DESEÑO DA PROBA PARA ALUMNOS QUE NON CURSARON LATÍN I

Aparte de temas parciais durante a *lectio*, o alumno se fará cargo do desenvolvemento e exposición dun traballo sobre literatura dos numerados entre o 4 e o 12 (algúns se poden refundir). A non presentación do traballo nas condicións acordadas converterá todas as cualificacións en 1. Os prazos son a cumprir de xeito absolutamente obrigados.

Se algún alumno cursa a materia -non esquezamos que bienal- sen ter cursado Latín I, deberá demostrar a súa capacidade para elaborar un traballo científico coma o sinalado en 3.7. ó longo dos meses de setembro e outubro a partir da crítica escrita e oral dos materiais que se lle sinalarán na aula; e dará conta en proba escrita durante os meses de decembro e marzo dos estándares básicos de Latín I.

3.2.3. PERIODIZACIÓN BÁSICA DOS OBXECTIVOS

1 Iniciación	1º trimestre
2 Recoñecemento	setembro a xaneiro
3 Percepción histórica	todo o curso

4 Achegamento e distinción	novembro a fin de curso
5 Evolucion e permanencia	1º trimestre
6 Indagación	2º trimestre + cfr. TRABALLO
7 Valoración romana da lingua	3º trimestre
8 Valoración do mundo romano	3º trimestre

3.3. ALUMNOS CON LATÍN I PENDENTE

Aparte do exposto en 4.5 (cfr), os estudantes poderán intentar demostrar a súa suficiencia en Latín I en probas específicas que se farán públicas antes do mes de novembro, intentando sempre negociar datas e condicións cos afectados. Deberán dar conta da súa capacidade para a interpretatio dun texto de dificultade baixa-media de 3 ou 4 líneas, coa sintaxe clásica normal, incluíndo completivas de todo tipo e oracións de relativo, de César, Suetonio e Petronio; no caso dos alumnos que continúan coa materia en 2º, esta proba poderá estar asociada ás probas de Latín II, coas lóxicas diferencias de nivel

3.4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

3.4.1. PARTE PRÁCTICA

1. Introducción á *lectio* clásica de:

Cicerón, *In Catilinam oratio* i

Catulo, *Carmina*

Autores tratados senlleiramente nos temas de literatura, alo menos:

-Virxilio

-Tácito

-Plauto

2.Exercicios de dominio lingüístico, histórico e gramatical dos autores *legendi* e outros

3.Exercicios de filoloxía e métrica dos autores *legendi*

3.4.2. PARTE TEÓRICA

I. Literatura latina

1. Crítica textual: de cómo leían os romanos á edición crítica. A escola de Alexandría. Transmisión directa e indirecta. Historia do libro. Copistas. Idade media e Renacemento. Árabes e bizantinos. Reconstrucción, filoloxía e ecdótica. Lachmann. Tipoloxía da edición. Manexar unha edición crítica

2. Prosodia e métrica latinas clásicas: respiración, compás, sistema cuantitativo frente a cualitativo, lonxitude, sílaba, pé, verso, metro; kolon e estrofa. A rítmica clásica e os principais versos. Cláusulas acentuais. O cursus

3. O sistema literario romano: produción literaria, autores e público, fontes, transmisión e conservación, azar, transmisión deliberada, censura, *damnatio memoriae*. A tradición itálica e etrusca. A helenización. Literatura coma reflexo da sociedade. Movementsos filosóficos implicados. Concepto de autoría.

4. Lírica, elxía e epigrama: das orixes a Ausonio. Poesía pastoril, bucólica, cinxética e de pesca. O criterio métrico. Cómo se convirte o distico elxíaco de inscrición funeraria en poesía subxetiva. Os hipotéticos cantos pastorís e as formas primitivas. Catulo e os neotéricos e a aceptación da poesía grega coma marco ideal. A idade augústea. Virxilio e Horacio. Ovidio coma autor roccó. Propercio. O corpus Tibullianum. Minores

5. Epopeia, da mímese homérica a Claudiano. Xeración universal da literatura épica: as probas de Parry. A diferenza entre o *épos* da sociedade ágrafa e a reconstitución literaria. Do verso silábico indoeuropeo ó saturnio e á construción do hexapodio dactílico, e a conversión de este na marca formal da épica: problemas de atribución das *Metamórfosis* ovidianas e outras obras. A Eneida e a xigantesca tradición que xera. Lucano. Épica tardía.

6. A escena romana. Herdanza grega: a *palliata*. Xéneros e subxéneros. A representación, os actores, a música e a súa relación coa métrica. Uso do texto e conservación: a *refractatio* do texto plautino. Plauto e Terencio. Valoración coetánea do teatro. A herdanza romana e latina no teatro e no cine. A ópera coma rexurdimento

7. A sátira, entra a *satura* e a *satira*. Carácter métrico coma resultado e coma coma condición. A falsidade de *satura tota nostra*. Marcial, Xuvenal, Persio.

8. Elocuencia. A orixe política e o paso á literatura. Os movementos asianista e aticista. Cicerón, discursos e teorización. Codificación: Quintiliano. Conversión en exercitationes. A retórica moderna e o método retórico de análise literaria.

9. Novela: o xénero admitido no corpus por nos: é prosa artística? Relación coa novela alexandrina e bizantina. Características lingüísticas. O *Satiricon* e a *quaestio Petroniana*. Apuleio

10. Historiografía, entre o documentalismo e a propaganda. Diferencias entre fontes históricas e fontes historiográficas, historiadores ocasionais. Conservación. Os *Annales* e a creación da analística. Historiografía pragmática, *memoriae* e biografía. Historia romana en grego e autores latinos de historia non romana. A época arcaica. César, o manipulador. Os grandes historiadores da época xulio-claudiana. Suetonio e os autores de cancellería. Tácito

11. Filosofía. Epicureísmo e estoicismo, a retórica coma auténtica filosofía vital. A creación de unha linguaxe filosófica en latín: Cicerón e as traducións do grego. O *de rerum natura* de Lucrecio coma adaptación dos *περί φύσεως*. Fábula e sabiduría gnómica, *Disticha Catonis* e Fedro

12. Prosa técnica e epistolografía: orixe grega dos tratados técnicos, Catón e a literatura das *Origines*, anticuariado, tratados de agricultura; Plinio *maior*, naturalistas; filoloxía. As cartas en Roma, tipoloxía e intencionalidade; Cicerón, Plinio *minor* e Frontón. Vitruvio e Frontino. Continuadores medievais e renacentistas

II. Realia

13.Sociedade civil: vida pública. *Cursus honorum*. Poder militar. Transformación de Roma e do imperio, O período do fin da república e os inicios do cesarato; as figuras de César e Cicerón. A toma do goberno por Augusto e o círculo de Mecenas: a literatura ó servizo do poder. A creación da idea de clásico na literatura, na lingua e nas artes. Xustiza. Poder político, economía e

sociedade en Roma: da guerra social ós Antoninos. A idea que Roma asume de si mesma e a idea posterior: clasicismo ideolóxico e estético

3.5. PERIODIZACIÓN MENSUAL (aproximada)

	TEXTOS	TRABALLO	OUTROS
SEPTEMBRO	Cicerón	elección do tema	repaso
OUTUBRO		comunicación de material e guión	filoloxía, retórica
NOVEMBRO		aprobación de autores a tratar	práctico de Cicerón
DECEMBRO	Catulo	borrador	prosodia e métrica
XANEIRO		redacción e correccións	
FEBREIRO			práctico de Catulo
MARZO			<i>treditio</i>
ABRIL	Autores dos temas	exposición	
MAIO			práctico dos autores
			teórico de literatura

Identificación dos "estándares" na táboa inmediata:

B1.1. Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.

B1.2. Evolución do latín.

B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.

B2.2. Morfoloxía verbal: series no paradigmáticas

B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.

B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas.

B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación.

B3.4. Sintaxe das formas non persoais.

B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.

B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.

B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais.

B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.

B5.4. Identificación das características formais dos textos.

B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.

B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.

B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria.

B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.

OBXECTIVO DO "ESTÁNDAR"	CALENDARIO	MÍNIMOS FUNCIONAIS	AVALIACIÓN	COMPETENCIAS <i>competencia lingüística en todos os ítems</i>
(αβγδη) B1.1	todo o curso	recoñecemento en todos os textos traballados individualmente	Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	CAA CCEC
(βγη) B1.2		avaliado en Latín I	Coñecer e aplicar as regras da evolución fonética e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.	CMCCT CCL CCEC
(δη) B2.2		Erros só admisibeis en excepcións	Coñecer as categorías gramaticais.	CD CAA
(η) B2.1	septembro	en textos de repaso, completo	Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	
B2.1		en textos de repaso, completo	Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas.	CAA
(η) B2.1		en textos de repaso, completo	Identificar, declinar e traducir formas nominais e pronominais.	CMCCT
(η) B2.2	todo o curso	nos textos, regularidade perfecta	Identificar, traducir e efectuar a retroversión de formas verbais.	CMCCT
(δη) B3.1.	todo o curso	implícito na tradución	Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos.	CD CAA

(γη) B3.2.	todo o curso	implícito na tradución	Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas.	CAA
(η) B3.3.	todo o curso	implícito na tradución	Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas.	CD CAA
(η) B3.4.	todo o curso	implícito na tradución	Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo	CAA CD
(αβεζηθι) B4.1.	2º trimestre	proba de stemma ficticio	Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na antigüidade e a súa evolución.	
(γη) B4.1.	xaneiro a maio	nos textos inviduais	Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior.	CAA
(γη) B5.2.	co avance da dificultade e complexidade textual	textos a cegas con caracterización clara	Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura, se a extensión da pasaxe o permite.	CAA
(γδη) B5.2.		en cada tema	Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.	CAA
B5.1.	todo o curso	<i>vide sub</i> 4.6, media entre textos na clase e escrito	Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais.	CAA
B5.1.	todo o curso	inherente ó desenvolvemento da clase, non será de avaliación específica	Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto.	
(βγδη) B5.2.	todo o curso	aceptación do traballo	Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos.	CCEC CMCCT CCEC
(βγδη) B5.3.	todo o curso	inherente ó desenvolvemento da clase, non será de avaliación específica	Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	CAA CCEC
(βγδθ) B5.4.	todo o curso	inherente ó desenvolvemento da clase, exíxese a definición formal	Identificar as características formais dos textos.	CMCCT CCEC
(γδεζηθι) vocabulario formalizado	todo o curso	demostralo na aula e nos exercicios inviduais	Coñecer e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario, científico e filosófico.	CD
(γδεζηθι) Etimoloxía	todo o curso	non será de avaliación específica	Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.	CSC CCEC
(γδεζηθι) Locucións	maio	proba oral específica non excluínte	Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	CSC CD
(γδεζηθι) derivación culta	todo o curso	inherente ó desenvolvemento da clase, exíxese a definición formal	Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos.	CSC CD

3.6. TEMPORALIZACIÓN CONTRASTADA DE CONTIDOS E OBXECTIVOS

CONTIDOS	PREVISIÓN DE UNIDADES DE CLASE	OBXECTIVOS
Cicerón	1. circa 20 2. 6-7 3. 10 4. uide 2.5. 5. 6 6. 1-2	-lectio
Catulo	1. circa 30 2. 8-10 3. 15 4. uide 2.5. 5. 4 6. 1-2	-condicionamentos lingüísticos -adquisición de referentes

Autores dos temas	1. circa 20 2. 5-6 3. 5 4. uide 2.5. 5. 4 6. 0	-Textos: <i>realia</i>
Exercicios de dominio lingüístico, histórico e gramatical	1. 10-12 2. todo o curso 3. implícito nos anteriores 4. implícito nos anteriores 5. 1-2 6. 4	-Historia
Exercicios de filoloxía e métrica	1. 5-6 2. circa 20 3. 8-10 4. 2. 5. 1-2 6. 1	- <i>Certamen Ciceronianum</i>
Literatura latina	1. todo o curso 2.20-25 3. todo o curso 4. circa 70 5. 8-10 6. 1	
<i>Realia</i>	1. todo o curso 2. todo o curso 3. 10-12 4. uide 2.5 5. implícito 6. 4	

3.7. ACTIVIDADES FORA DA AULA: ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Visita ó fondo histórico da Biblioteca Xeral da Universidade, primeiro trimestre
 Visitas ás bibliotecas das Facultades de Filoloxía e de Xeografía e Historia, segundo trimestre

3.8. TRABALLO

3.8.1. FACTURA

Debe quedar claro que queda expresamente vetada a elaboración dun traballo que se limite a acumular fontes e citas literais ou non- por excelentes que sexan. Os criterios obrigados son:

1. Criterio propio, de carácter científico, asumido a partir da fase de acopio de datos
2. Confrontación de fontes de alta calidade
3. Definicións e ideas básicas sumamente claras
4. Debe primar a estrutura coherente sobre a cantidade de datos
5. Elaboración formal segundo os cánons internacionais

6. Hai que ceñirse totalmente ó esquema básico de tratamento proporcionado polo profesor, aínda que haia liberdade absoluta no resto

7. Anotación minuciosa de toda fonte consultada, incluso as desbotadas
8. As incoherencias ou dúbidas deben ser explícitas

3.8.2 CONTIDOS

No traballo se tratarán con datos actualizados os items científicos incluídos no programa e os datos fundamentais dos autores e das obras, incluídas as cuestións filolóxicas e editorais; o estudante negociará co profesor os textos -sempre en boas edicións- que se aduzan coma clave do tema e a cuestión de se se vai dar tamén tradución ou se forma parte dos autores do 3º trimestre; o material previo que evite solapamentos entre traballos será proporcionado polo profesor.

O canon internacional de cita bibliográfica é:

a) Nome do autor ou autores en minúscula, APELIDOS EN MAIÚSCULA, ou ben Apelido en minúscula, coma, inicial do nome. Se hai máis de 3 autores, se cita o primeiro como se dixo e se escribe despois et al(ii), ou ben se engloban todos en VV.AA. (=varios autores)

b) Título da obra, subraiado se o texto se xera manual ou mecánicamente ou en cursiva se se xera electrónicamente ou en imprenta. Se se trata de só unha parte da obra (capítulo, artigo...), “o seu título vai entre comiñas” seguido de en e o da obra na que está incluída, citada como se dixo antes

c) Casa editorial; s é un facsímil de obra impresa, faise constar con todos os datos

d) Lugar de edición, ou, se non se coñece, de impresión; se tampouco se coñece este, escríbese s(ine) l(oco)

e) Ano de edición; se non se coñece, escríbese s(ine) a(nno)

f) Número de edición escrito coma superíndice do ano

a) vai separado de b) por : dous puntos; b) de c) e c) de d) por . punto ou , coma; e d) de e) por branco ou , coma

Os documentos procedentes de Internet ou outras redes se citan igual, sustituindo c) e d) por o número identificativo de w. ou dirección. Se unha obra ocupa máis de un libro, falamos de tomo se a paxinación é seguida, e de volume se é independente.

Exemplos:

John BOARDMAN, Jasper GRIFFIN e Oswin MURRAY: “Roma”, tomo 2 de Historia Oxford del mundo clásico. Alianza Editorial. Madrid 1988

Jerôme CARCOPINO: La vida cotidiana en Roma en el apogeo del imperio. Temas de hoy. Madrid 1995³

Citas:

Despois de citar unha obra por primeira vez segundo o visto, para volver facer referencia á mesma obra escríbese *op.(us) cit.(atum)*, ó mesmo pasaxe *loc.(us) cit.(atus)*, e sen saír de cita *ib(idem)*; unha referencia que aparece tantas veces que non resulta útil enumeralas todas, *passim*. Para indicar “aproximadamente” escribimos *c(irca)*; e, se non interesa ou non se coñece unha data concreta de desenvolvemento da actividade principal de unha persoa, *fl(oruit)*. Para facer referencia a algo xa explicado se usa *ut supra*; se se quere remitir a algo que se acaba de dicir ou que se va dicir despois, *u(ide) supra* ou *u(ide) infra*, respectivamente; e para comparar con datos ou opinións de outra persoa, *cfr. (=confer)*. Para indicar que algo se trata nun autor, obra ou medio sen máis especificacións, *apud*.

4.0 RESUMO DAS COMPETENCIAS DE LATÍN Ó LONGO DOS 3 CURSOS

Inclúo esta visión xeral que ó meu entender proporciona máis perspectiva que o establecido na lei, demasiado centrada no desmenuce e non no conxunto.

	latín 4º	latín I	latín II
lingüística	latín xeral	norma clásica	variedades
matemática e científica	numeración, cómputo do calendario, metroloxía, equivalencias		
dixital	uso de fontes		
propedéutica	repetición	busca	investigación
social e cívica	asunción de realidades	comparación de realidades	crítica de realidades
iniciativa	na preparación de traballos	na relación con outras linguas	na traducción de idiomas
cultural	almacenamento	clasificación	crítica

Grego

5. Grego I

5.0. Introducción metodolóxica e claves

A aprendizaxe ten que ser significativa polo seu gran potencial para a retención do aprendido e para a súa aplicación. Teranse en conta os seguintes postulados básicos na metodoloxía:

-Carácter integral. Os contidos lingüísticos e culturais deben estar relacionados.

-Carácter gradual. Todos os contidos se seleccionan e gradúan segundo uns criterios específicos e razoados. A selección abarca o concepto de integración.

Motivación. A realidade do noso alumnado e a mala fama do estudo das linguas clásicas obrigan o profesor a un esforzo de motivación. Isto non significa trivializar os contidos, senón, sobre todo, enriquecer os mecanismos de interacción na aula e aplicar procedementos para a significatividade.

O profesor non debe monopolizar a acción educativa, intentarase fuxir da clase maxistral; Platón xa nos dicía que a fonte do saber non está na memoria, senón no diálogo entre preguntas e respostas, “more socratico”.

É preferible a aprendizaxe indutiva, deixar que se equivoquen, facerlles referencias actuais, ofrecer axuda contextual todo o posible, provocarlles curiosidade, potenciar a súa creatividade e imaxinación.... Ademais debese educar en actitudes o que é moi rentable para a motivación. A atención a diversidade e unha avaliación formativa tamén axudará bastante na motivación. Débese acadar unha motivación intrínseca, o que supón un reforzo da autoestima, unha mellora do autoconcepto e unha boa interacción na aula.

Avaliación formativa e tratamento dos erros. É moi importante facer uso da avaliación formativa, que nos de información cualitativa sobre o proceso educativo e hai que ter en conta que se aprende cós erros e dos erros. No se pode esixir a perfección e non se pode esquecer que os erros poden estar provocados por defectos no ensino. Débese ter en conta tamén a diferenza entre erros propiamente ditos e descoidos. Nalgúns momentos do curso é preciso ser exhaustivos co análise dos erros, pero non tanto no día a día. Convén potenciar a autocorrección do alumno para superar as deficiencias detectadas e acadar unha certa autonomía do aprendizaxe, e o seu desenvolvemento permite crear mecanismos de autocontrol do aprendizaxe.

Importancia dos procedementos e estratexias de aprendizaxe.

A variedade de actividades é fundamental para acadar o aprendizaxe. Ademais, no se pode esquecer o carácter gradual e é necesaria una ordenación das actividades con este criterio: do máis sinxelo e fácil ao máis complexo e difícil.

Outros procedementos destacables son os relacionados coa comparación lingüística e cultural. O traballo de grupos de palabras de varias linguas axuda moito a coñecer as igualdades e as diferenzas entre as linguas clásicas e as modernas. As igualdades estreitan lazos históricos e culturais entre o mundo antigo e o actual. Son un elemento do carácter integrador. As diferenzas discriminan e clarifican as características propias de cada idioma.

As actividades lúdicas son bastante motivadoras, pero débense dosificar e aplicarlas nun contexto didáctico cuns obxectivos concretos.

Deberanse aproveitar ao máximo o coñecementos previos que teña adquiridos.

5.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE GREGO

A avaliación é un instrumento que facilita ao profesor coñecer o desenvolvemento dos coñecementos do alumnado, pero tamén, e sobre todo, o grao de efectividade acadado no logro dos obxectivos propostos. A avaliación concíbese como un proceso que debe levarse a cabo de forma continua e personalizada, e ha de ter por obxecto tanto as aprendizaxes dos alumnos como os procesos de ensino. Por iso, a avaliación debe ser continua e integradora, valorando os progresos que cada alumno realice en función das súas capacidades e en relación co logro dos obxectivos educativos establecidos no currículo.

A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos concíbese e practícase do seguinte xeito:

- Individualizada, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
- Integradora, para o que contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
- Cualitativa, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- Orientadora, dado que aporta ao alumno a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.
- Continua, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases. Contémpanse tres modalidades:
- Avaliación inicial. Proporciona datos achega do punto de partida de cada alumno, proporcionando unha fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.

- Avaliación formativa. Concede importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e progresos de cada caso.
- Avaliación sumativa. Establece os resultados ao termino do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

Así mesmo, contéplase no proceso a existencia de elementos de autoavaliación e coavaliación que impliquen aos alumnos.

5.1.1. Criterios de avaliación.

1. Comprender e traducir de forma coherente textos gregos pertencentes a diversos xéneros literarios.
2. Identificar e analizar en textos orixinais os elementos da morfoloxía e da sintaxe casual e oracional comparándoos con outras linguas coñecidas.
3. Recoñecer en textos gregos orixinais termos que son compoñentes e étimos de helenismos e deducir o seu significado, tanto no vocabulario patrimonial das linguas modernas coma nos diversos léxicos científicos-técnicos.
4. Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e os seus trazos literarios e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais, identificando elementos de androcentrismo e etnocentrismo neles.
5. Realizar traballos monográficos consultando fontes directas e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados.

5.1.2. Instrumentos e porcentaxe de valor

Os instrumentos ou medios utilizados para valorar o proceso de avaliación continua son os seguintes:

1. Os exames tradicionais ou probas obxectivas, un como mínimo por cada avaliación. Os exames poderán tratar aspectos de diverso tipo: de desenvolvemento dun tema, de paráfrase e comentario de textos, de tradución, exercicios gramaticais de recoñecemento de formas e funcións, establecemento de paradigmas nominais e verbais, cuestións relativas aos contidos culturais e literarios, etc.
2. Probas periódicas escritas en exames de curta duración ou, no seu caso, preguntas orais, que non necesariamente haberán de ser avisadas ao alumnado, para a aprendizaxe da morfoloxía, o cal debería incitar a que o alumno leve un estudo continuo da materia.
3. Traducións continuas, xa en casa xa na aula, para a aprendizaxe da sintaxe e das técnicas de tradución. Estas traducións no ámbito individual servirán tamén para conseguir unha clase aberta e unha participación importante do alumnado cando estas se comenten e corrixan en clase.
4. Traballos individuais ou en grupo, escritos e orais (exposición dun tema, participación en sesións de debate, etc.)
5. Lectura, de traducións textos literarios orixinais clásicos, a fin de ter un maior achegamento e comprensión do mundo clásico.

Non haberá probas de recuperación propiamente ditas, debido a que, ao levar un sistema de avaliación continua onde a materia incluída no exame non é eliminada para a seguinte proba, o exame seguinte recuperará o anterior, sempre tendo en conta a marcha xeral de cada alumno. Na última avaliación valorarase o seu traballo en conxunto, partindo sempre da base da nota conseguida nesta última proba.

Trátase dunha avaliación continua, pero en cada trimestre farase como mínimo unha proba escrita. Para que sexa considerada válida deberá ter unha presentación adecuada e ser perfectamente lexible. Requírese unha expresión escrita correcta e ausencia de faltas de ortografía (cada falta de ortografía restará 0'2).

As cualificacións faranse de forma numérica e sen decimais. Considéranse cualificacións positivas aquelas superiores ou iguais a 5. Se a nota media da avaliación ten un decimal de 0,5 ou superior, farase o redondeo á alza. Os alumnos e o profesor decidirán de forma consensuada as datas para facer os exames, e a nota de cada avaliación sairá de:

-un 90% do exame de avaliación. En 2º de Bacharelato (na 1ª e 2ª Avaliación) a estrutura do exame será tipo selectividade, coas seguintes consideracións:

a. Tradución e análise dun texto (6 puntos).

b. (i) Catro cuestións relacionadas co texto proposto para a súa tradución (unha pregunta de léxico (helenismos), cuestión relativa ao autor (unha cuestión ou dúas diferentes), análise morfolóxico ou sintáctico (unha cuestión ou dúas diferentes, dependendo de se se optou por unha ou dúas cuestións relativas ao autor) de 0,5 puntos cada unha. (2 puntos). (ii) Dúas preguntas de literatura relacionadas coas lecturas obrigatorias de 0,5 punto cada unha ou ben unha soa pregunta de literatura de 1 punto. (4 puntos)

-un 10% corresponderá aos diferentes controis de morfoloxía, literatura e helenismos destinados a asegurar a adquisición destes contidos e que se realizarán mediante o seguimento do traballo realizado en clase.

Con independencia das notas acadadas nas diferentes probas, o profesor poderá restar ata un máximo de 0,5 da nota media final nas seguintes circunstancias: -0,01 por retraso inxustificable (R) e -0,02 por falta de comportamento (C).

Asemade, o profesor terá en conta o traballo diario do alumno ata un máximo de 0,5 por cada texto entregado e traballos sobre as lecturas propostas (0,1 por cada material entregado). (T). A suma total engadirase á nota media final para, posteriormente, facer o redondeo á alza se se dan as condicións.

5.1.3. Actividades de recuperación

Non está previsto realizar actividades de profundización, reforzo ou apoio fora do horario lectivo. De todas as maneiras, a comprobación periódica dos contidos servirá para comprobar o grado de asimilación e consecución dos obxectivos.

Durante o curso pódese dar que algún alumno vaia descolgándose da marcha xeral; isto fai que perda o interese pola materia e ademais diminúa o seu rendemento. Nestes casos para os que teñan problemas en asimilar determinados conceptos ou que non poidan seguir o ritmo normal da clase, se ten pensado realizar:

-Unas follas personalizadas, onde aparezan actividades que reforcen os conceptos mal asimilados.

-Tratamento individualizado de cada caso, a fin de acadar os obxectivos xerais.

Ao tratarse de avaliación continua, non se realizarán exames de recuperación.

Tendo en conta o pequenísimo que é o grupo, poderase reforzar e recuperar mediante actividades axeitadas e individualizadas na aula, mentres o resto do alumnado traballa noutras tarefas.

5.1.4. AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA SETEMBRO

O exame constará dunha tradución co seu análise morfosintáctico (6 puntos) e catro cuestións sobre a morfosintaxe, aspectos de léxico e cultura a eleixir dúas e dúas cuestións sobre as lecturas obrigatorias do curso (4 puntos). A cualificación da materia será a acadada exactamente nese exame. Nesta proba entrará toda a materia impartida.

5.2. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS DA MATERIA GREGO I PARA O CURSO

AVALIACIÓN	UNIDADES DIDÁCTICAS				TEMPORALIZACIÓN		PROBAS DE AVALIACIÓN	
	TEMA	OBXECTIVOS	BLOQUE	CONTIDO	MES	Nº DE SESIÓNS		
1	1	D, g, h	B1.1	Marco xeográfico da lingua grega.	SET./	24		
		A, g, h	B1.2	Familias lingüísticas. O indoeuropeo.	OUT.			
		D, h, n	B1.3	Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno.				
		A, h	B1.4	Variedades dialectais.				
		A, d, g, h	B2.1	Orixes da escritura. Sistemas de escritura.				
		A, d, g, h	B2.2	Orixes e evolución do alfabeto grego.				
		A, d, e	B.2.3	Caracteres do alfabeto grego.				
		D, e, f	B2.4	Clasificación dos fonemas: pronuncia.				
		D, e, f	B2.5	Transcrición de termos dos caracteres gregos.				
		D, e, f	B2.6	Signos diacríticos e de puntuación				
		D, e, f, i	B.3.1	O grego, lingua flexiva. Tipos de palabras: variables e invariables.				
		D, e, f	B3.2	Formantes das palabras.				
		D, e, f	B3.3	Concepto de declinación: declinacións gregas. Enunciado e paradigmas.				
		D, e, f	B3.4	Flexión nominal e pronominal.			X	
2	2	D, e, f	B3.5	Sistema verbal grego. Verbos temáticos e atemáticos.	NOV./	24		
		D, e, f	B3.6	Formas verbais persoais e non persoais.	DEC.			
		D, e, f, h, i	B4.1	Casos gregos.				
		E, f	B4.2	Concordancia.				
		E, f	B4.3	Elementos da oración.				
		E,f	B4.4	Oración simple: oracións atributivas e predicativas.			X	
2	3	E,f	B4.5	Oracións compostas.	XAN./	21		
		E, f	B4.6	Construcións de infinitivo.	FEB.			
		E,f	B4.7	Construcións de participio.				
		D, e, f, g, i	B4.8	Análise e tradución de frases e textos.				
		G, h	B5.1	Períodos da historia de Grecia.				
		A, b, h, m	B5.2	Organización política e social de Grecia.			x	
	4	4	C, h	B.5.3	A familia.	FEBRE./	21	
			C, h, l	B5.4	Traballo e lecer: oficios, ciencia e técnica. Festas e espectáculos.	MAR		
			C, h, ñ	B5.5	Mitoloxía e relixión.			
			D, e, f, g, i	B6.1	Iniciación ás técnicas de tradución.			x
3	5	E, f, g, i	B6.2	Iniciación ás técnicas de retroversión e comentario de textos.	MARZ./.	20		
		E, f	B6.3	Análise morfolóxica e sintáctica. Comparación de estruturas gregas coas da lingua propia.	ABR			
		D, e, g	B6.4	Lectura comprensiva de textos traducidos.				
		D, e, g,	B6.5	Lectura comparada e comentario de textos en lingua grega e na lingua propia.			X	
	6	6	D, g	B6.6	Produción de textos propios breves en lingua grega.	MAIO/	20	
			E, g	B7.1	Vocabulario básico grego: léxico de uso frecuente e principais prefixos e sufixos.	XUÑO		
E, f			7.2	Descomposición de palabras nos seus formantes.				
E, f			B7.3	Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e o seu mantemento: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos.				
E, f			B7.4	Identificación de lexemas, sufixos e prefixos helénicos usados na lingua propia.				
E, f	B7.5	Familias etimolóxicas e semánticas.		X				

		§ CCEC																	
B5.5	B5.6	§ CCEC	GR1B5.6.1.	100%	10%	x					x								1,2,3
B5.5	B5.6	§ CCEC	GR1B5.6.2.	50%	8,75%				x			x	x						1,2,3
B5.5	B5.6	§ CCEC	GR1B5.6.3.	50%	8,75%	x		x					x						1,2,3
B5.5	B5.7	§ CCEC	GR1B5.7.1.	50%	8,75%							x	x						1,2,3
B5.5	B5.8	§ CCEC	GR1B5.8.1.	50%	8,75%							x	x						1,2,3
B6.1	B6.1	§ CCL	GR1B6.1.1.	100%	10%	x							x						1,2,3
B6.1	B6.2	§ CCL	GR1B6.2.1.	100%	10%	x							x	x					1,2,3
B6.1	B6.2	§ CAA § CCL	GR1B6.2.2.	50%	8,75%									x					1,2,3
B6.2	B6.3	§ CAA § CLL	GR1B6.3.1.	100%	40%								x						1,2,3
B6.2	B6.4	§ CAA § CCL	GR1B6.4.1.	50%	10%														1,2,3
B6.3	B6.5	§ CCL	GR1B6.5.1.	100%	40%	x													1,2,3
B6.4	B6.6	§ CCL § CCEC	GR1B6.6.1.	50%	10%					x									1,2,3
B6.5	B6.7	§ CCL	GR1B6.7.1.	50%	8%				x					x					1,2,3
B7.1	B7.1	§ CCL	GR1B7.1.1.	100%	20%	x							x		x				1,2,3
B7.1	B7.1	§ CCL	GR1B7.1.2.	50%	8%														1,2,3
B7.1	B7.1	§ CCL	GR1B7.1.3.	50%	8%	x						x			x				1,2,3
B7.2	B7.2	§ CCL	GR1B7.2.1.	50%	8%							x		x					1,2,3
B7.3	B7.3	§ CCL	GR1B7.3.1.	100%	20%	x								x					1,2,3
B7.4	B7.4	§ CCL	GR1B7.3.2.	100%	20%	x						x	x		x				1,2,3
B7.5	B7.5	§ CCL	GR1B7.5.1.	50%	8%							x							1,2,3

IDENTIFICACIÓN ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE GREGO I

